
As abreviaturas no *Cancioneiro da Ajuda*: tipos, valores e distribución*

Mariña Arbor Aldea / Alexandre Rodríguez Guerra / Xavier Varela Barreiro
 USC / Universidade de Vigo / ILG-USC

Resumo:

O principal obxectivo da presente contribución é explicar detalladamente o sistema braquigráfico do *Cancioneiro da Ajuda*. Ademais da aproximación paleográfica aos diferentes sinais abreviativos empregados, estúdanse os seus valores, a súa distribución e a proporción que representan fronte ás diferentes formas plenas. Así mesmo, tamén se analizan outros parámetros como a posición que ocupan as abreviaturas ou, sobre todo, os cadernos en que aparecen. Todo o anterior permitiranos deseñar na súa integridade, e comprender, o mapa braquigráfico de *A*.

Palabras chave:

Galego medieval, *Cancioneiro da Ajuda*, Braquigrafía medieval, Abreviaturas.

* O presente traballo naceu no marco do proxecto de investigación *Estudo lingüístico e paleográfico do Cancioneiro da Ajuda* que, con financiamento da Xunta de Galicia (PGDIT06PXIB240159PR), se desenvolveu no Instituto da Lingua Galega entre 2006 e 2009 e no que participamos os tres autores responsables da versión que agora se publica. Na actualidade acaráase tamén aos proxectos *Adquisición de escenarios de conocimiento a través de la lectura de textos: Desarrollo y aplicación de recursos para el procesamiento lingüístico del gallego* (SKATeR-UVIGO) (TIN2012-38584-C06-04), financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad, Plan Nacional de I+D+i, 2012-2015, *La lírica gallego-portuguesa en la corte de Alfonso X. Autores y textos II* (FFI2011-25899) e *El debate metaliterario en la lírica románica medieval* (FFI2011-26785), que reciben, así mesmo, o apoio económico do Ministerio de Economía y Competitividad.

Unha primeira versión de parte dos datos aquí recollidos, en concreto os relativos á distribución das abreviaturas no *Cancioneiro da Ajuda* (*A*), foi presentada, no *XII Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, celebrado en Cáceres en setembro de 2007, por Mariña Arbor Aldea, naquel momento investigadora contratada ao abeiro do Programa Nacional de Investigación Ramón y Cajal, financiado polo Ministerio de Educación y Ciencia. Despois da súa presentación a autora optou por non publicar o texto. Porén, os estudos sobre o cancionero que seguiu desenvolvendo a propia investigadora confirmaron a necesidade de que este traballo, revisado e convenientemente ampliado, vise a luz. Neste sentido, abordamos aquí o estudo das abreviaturas en *A* cunha finalidade que non coincide, por exemplo, coa que orienta traballos máis xerais como o de Ramos (2008, II: 30-38, 78-82) ou, mesmo, o de Arbor Aldea (2008: §II.10.). Finalmente, debemos indicar que para este artigo partimos da transcripción, aínda inédita, que realizou M. Arbor Aldea directamente en Lisboa sobre o orixinal manuscrito con axuda dunha bolsa de investigación concedida pola Universidade de Santiago de Compostela. Agradecemoslles a Pär Larson e a Bieito Arias a súa axuda.

Sumario:

1. Introducción. 2. As abreviaturas no *Cancioneiro da Ajuda*. 2.1. Trazos xerais. 2.1.1. Trazo sobreposto. 2.1.2. Corte inferior horizontal. 2.1.3. Corte medial. 2.2. Signos particulares. 2.2.1. <ˆ>. 2.2.2. <ˆ>. 2.2.3. <9> ou <9>. 2.2.4. <τ>. 2.2.5. <ɔ>. 2.3. Letras sobrepostas. 2.3.1. <ˆ>. 2.3.2. <ˆ>. 2.3.3. <ˆ>. 2.3.4. <ˆ>. 2.3.5. Recapitulación. 2.4. Siglas. 3. A posición na liña. 4. A modo de conclusión. Bibliografía.

Abbreviations in the Cancioneiro da Ajuda: types, uses and distribution

Abstract:

The main objective of this article is to explain in detail the system of abbreviations used in the Galician-Portuguese Cancioneiro da Ajuda. In addition to a paleographic description of the different abbreviation signs used, the authors examine their values and distribution, as well as the proportion occupied by these signs compared to the forms written in full. Other parameters are also taken into account, such as the position of the abbreviations and, above all, the quires in which they appear. The above-mentioned issues will make it possible to draw in its entirety, and to understand, the 'brachygraphic map' of the Ajuda songbook.

Key words:

Medieval Galician, Cancioneiro da Ajuda, medieval abbreviations.

Contents:

1. Introduction. 2. Abbreviations in the Cancioneiro da Ajuda. 2.1. Strokes. 2.1.1. Superscript stroke. 2.1.2. Stroke through the ascender. 2.1.3. Crossbar. 2.2. Special characters. 2.2.1. <ˆ>. 2.2.2. <ˆ>. 2.2.3. <9> or <9>. 2.2.4. <τ>. 2.2.5. <ɔ>. 2.3. Superscript letters. 2.3.1. <ˆ>. 2.3.2. <ˆ>. 2.3.3. <ˆ>. 2.3.4. <ˆ>. 2.3.5. Summary. 2.4. Sigla. 3. Position in the line. 4. Conclusion. Bibliography.

1. Introducción

Derivado do sistema de siglas, isto é, de letras illadas que representan unha palabra completa, moi difundido dende o final do período romano, e en parte das *notae tironianae* (tipo de estenografía que servía durante aquel período para recoller os discursos pronunciados en público), o sistema braquigráfico do medievo latino baseábase nuns mecanismos de abreviación e nuns signos cun valor que dependía da súa forma, da súa posición e das letras afectadas (*cf.* Núñez Contreras 1994: 128). No presente estudo optamos por manexar directamente estes parámetros, sen buscar que a exposición se adecúe a algunha das clasificacións tradicionais¹, para poder describir do xeito máis rigoroso e eficiente posible o sistema braquigráfico do máis antigo dos tres grandes relatores que enviaron a lírica profana galego-portuguesa, o *Cancioneiro da Ajuda*.

Así, organizaremos todos os exemplos rexistrados en función de que o procedemento formal que se empregue para a consecución do valor abreviativo se basee no uso dun trazo xeral de abreviación, no recurso a un signo abreviativo particular, na utilización de unidades alfabéticas sobrepostas ou no emprego de siglas (acompañadas sempre de punto, <.>, no manuscrito). Agora ben, non perdemos de vista os comentarios de Pichel Gotérrez que, na páxina inicial dun traballo do ano 2010, afirmaba que o estudo da braquigrafía no ámbito galego aínda era “insuficiente” porque, entre outros aspectos, “en xeral, adoita ser un enfoque máis descritivo (*Paleografía de lectura*) que crítico (*Paleografía de análise*)”. Por iso non nos centraremos só nunha simple acumulación descritiva dos recursos braquigráficos presentes en *A*, senón que afondaremos interpretativamente tanto nos valores escriptolingüísticos do seu uso, como na súa relación coa escrita non abreviativa, sen perder de vista, ademais, outros aspectos estruturais como, por exemplo, a división en fascículos do cancionero.

2. As abreviaturas no *Cancioneiro da Ajuda*

En Rodríguez/Varela (2007) realizouse unha presentación de conxunto do recurso da abreviación en *A*. No capítulo 4, “As abreviaturas” (2007: 555-556), fornécese

1 Moitas son as propostas para clasificar os recursos braquigráficos medievais. Unha das máis coñecidas é a división de Cappelli en seis categorías (1995: XI-LII): abreviaturas por suspensión, abreviaturas por contracción, signos abreviativos con significado propio, signos abreviativos con significado relativo, letras sobrescritas e signos convencionais. Unha precisa exposición dos principios sobre os que se basea o sistema abreviativo latino, antigo e medieval, localízase en De Robertis *et alii* (1993: 167-174). Seguimos, neste punto, a metodoloxía aplicada en Rodríguez Guerra (*no prelo*).

unha serie de datos xerais recollidos en dous cadros. Nun deles incídese na proporción relativa que en *A* amosan tres grandes tipoloxías de abreviaturas: os signos de abreviación (xerais e particulares), as grafías sobrepostas e as siglas (no refrán). No outro, un pouco máis completo, inclúense os elementos gráficos elididos e información porcentual sobre o seu uso. Pero o devandito capítulo non era en si mesmo nin un traballo específico sobre o *usus scribendi* braquigráfico de *A*, nin desenvolvía completamente a vertente paleográfica das abreviaturas detectadas. Ese labor abordárase na presente investigación.

Neste sentido, e como dato básico, debe sinalarse, en primeiro lugar, que a cifra total de abreviaturas presentes en *A* é de 3.125². O principal recurso abreviativo, a moita distancia do segundo, é o dos trazos xerais de abreviación que, segundo a súa posición e combinación, permitirán abreviar un abano bastante amplo de unidades gráficas. Despois, atópanse os signos particulares e, a moita distancia destes dous grandes conxuntos de abreviaturas, están, nesta orde, as siglas e as letras sobrepostas. Os datos exactos da súa distribución recólleos a táboa número 1:

Táboa 1

Trazos xerais	Signos particulares	Letras sobrepostas	Siglas	Total
1.827 (58,5%)	856 (27,4%)	156 (5%)	286 (9,1%)	3.125




2.1. Trazos xerais




A liña ou *titulus*, é o trazo abreviativo máis xeral dos empregados en *A*. Distinguiremos varios subconxuntos segundo a súa posición, considerando a caixa de escritura e, se proceder, a súa colocación respecto do hastil vertical da grafía con que se combina. Os grupos que se establecen son: trazos sobrepostos, trazos inferiores horizontais que cortan o hastil vertical e trazos que cortan o hastil vertical na súa zona media, ben de xeito oblicuo, ben lazado.

2.1.1. Trazo sobreposto

O trazo sobreposto, realizado no manuscrito ben como un punto, ben como un punto con prolongación tanto á súa esquerda como á súa dereita, coñece un uso

2 Lembremos que, verbo da cantidade total de grafías de *A*, en Rodríguez/Varela (2007) traballouse con máis de 140.000 formas gráficas documentadas.

deste tipo en *A* cun alto índice de frecuencia: ³,  (7va),  (83ra). Representarémolo convencionalmente neste traballo como <̄>.

1. Este recurso abreviativo por veces non implica ningunha elisión, fóra do propio elemento que representa analfabeticamente. Isto sucede, por exemplo, nas 936 ocorrencias en que o valor de <̄> (, , ) é o de representación de consoante nasal (*cf.* Lorenzo 2013: 422-423 ou Rodríguez/Varela 2007, sobre todo 538-548). Este punto ou trazo sobreposto, con ou sen prolongación, tamén é rendible noutros dous grandes contextos: (a) en <̄n> ou <̄ñ>, e quizais tamén <̄y>, como variacións alográficas de <nn> (349 ocorrencias en total; *cf.* Rodríguez/Varela 2007: 446-548); (b) nos grafemas vocálicos nasais <ā, ē, ī, ō, ū> (207 ocorrencias; *cf.* Rodríguez/Varela 2007: 494-500).

Nos casos segundo e terceiro (identificados como *a* e *b*), falamos de grafemas ou alógrafos complexos heterorxánicos (Rodríguez/Varela 2007: 478-479) e non os teremos en conta no presente estudo; no primeiro (cando <̄> equivale a consoante nasal) estamos diante do que Rodríguez Guerra (*no prelo*) denomina grafema –ou alógrafo– “combinativo” e a el, como representación non alfabética dun elemento consonántico, si que lle dedicaremos a nosa atención.

Moi coñecida é a capacidade do signo xeral de abreviación para “indicar la falta de *m* y de *n*” (Núñez Contreras 1994: 133). Porén, o seu valor abreviativo habitual non pasa por ‘abreviar’ ningunha outra grafía que non sexa a da propia consoante nasal na marxe implosiva da sílaba. Polo menos isto é así no 99,5% dos exemplos rexistrados en *A*: o 0,5% restante está constituído por cinco exemplos en que o valor de <̄>, en combinación con <n>, é <non> (véxase o cuarto parágrafo do punto 3).

Como se sinalou antes, a consoante nasal implosiva aparece representada como <̄> en non poucas ocasións (lembremos, 936 exemplos). En Rodríguez/Varela (2007: 539 e ss.) xa se especificaron os contextos e a distribución do grafema e dos seus alógrafos, convenientemente exemplificados. Interéanos agora rescatar e ampliar a información recollida en dúas táboas (Rodríguez/Varela 2007: 543-544, táboas 30 e 31) verbo da distribución, por fascículos, das ocorrencias de <̄> fronte ás outras posibles escollas gráficas (<n>, maioritaria, ou <m>, minoritaria) da consoante nasal en posición implosiva final ou interior:

3 Con esta combinación de número e letras facemos referencia ao folio, cara e columna de *A* en que se localizan os distintos exemplos. Un número en subíndice sinala o número de ocorrencias nesa mesma columna.

Táboa 2⁴

%	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<̄>/n/IF	24,4	24,5	25,8	11,7	9,7	7,9	16,4	7,4	12,5	9,7	5,8	6,8	4,6	13,7	2,9	0,4	0	13
<̄>/n/IN	18	10,4	18,1	4,2	3,8	1,9	16,7	0 ⁵	12,7	8,3	2,5	4,2	10	9,3	6,4	0	0	8,6
IF+IN	22,9	20,4	23,5	9,3	8	6,3	16,4	5,4	12,6	9,3	4,7	6,1	5,9	12,2	4,1	0,3	0	11,5

[IF: Posición implosiva final; IN: Posición implosiva interior]

A media coa que o signo <̄> representa en *A* unha consoante nasal en posición implosiva (final ou interior) fronte ás realizacións alfabéticas <n> e <m> é do 11,5%. Sendo baixas ambas as posicións consideradas, é algo máis rendible <̄> cando ocupa a posición final de palabra (13%) que cando aparecen na posición interior (catro puntos menos). Á vista dos datos reflectidos na táboa 2, o emprego da abreviatura descende progresivamente, acadando valores de escasísima ou nula produtividade nos últimos fascículos do cancionero. Na meirande parte dos fascículos hai unha maior querencia pola opción abreviada no contexto implosivo final (que chega a ser de 14 puntos no II), salvo, sobre todo, nos cadernos XIII e XV.

Obsérvanse catro grandes bloques no uso desta abreviatura en *A*: (i) os tres primeiros fascículos, cunha porcentaxe media xeral entre o 20% e o 23%; (ii) os pregos VII, IX e XIV, que se sitúan entre o 12% e o 16%; (iii) os cadernos IV, V, VI, VIII, X, XII e XIII, que oscilan entre o 9% e o 5,4%; (iv) finalmente, por debaixo do 5% de uso da abreviatura están os fascículos XI, XV e XVI e, sen ningún exemplo, o XVII. De todos os xeitos, debe considerarse que nalgunhas ocasións, en cadernos do mesmo bloque xeral, o comportamento entre as dúas posicións analizadas é diferente. Así, mentres no fascículo XI a porcentaxe de <̄> en posición final de palabra, sendo baixa, alcanza un 5,8% e está por riba da media que ten ese mesmo caderno no contexto implosivo interior (2,5%), no prego XV acontece xustamente o contrario: a presenza de <̄> é relativamente importante en posición interior de palabra (6,4%), pero é moi baixa en posición final (2,9%). Unha circunstancia similar verificase no

4 Hai que interpretar as cifras como 'porcentaxe de todos os exemplos de consoante nasal que nun fascículo son representados por <̄>' (nas posicións IF, IN ou nas dúas conxuntamente). Nas táboas empregamos o trazo, "-", para indicar a inexistencia de exemplos e, cos datos porcentuais, usamos o cero, "0", para sinalar que, malia existiren formas plenas, ningunha delas aparece abreviada. Para a distribución en cadernos de *A* seguimos a descrición de Arbor Aldea (2009b), en que estes se numeran e se describen na disposición que hoxe ofrecen. Remitimos a este estudo para os detalles relativos á actual fasciculación de *A* e á súa descrición material, así como para o trazado da historia do códice e bibliografía precedente.

5 Detectamos un erro na táboa 31 de Rodríguez/Varela (2007: 544), xa que se intercambiaron os datos correspondentes a <̄> e <m>: o correcto é que <m> alcanza o 9,4% mentres que de <̄> non hai, neste lugar e nesta posición, ningún exemplo.

caderno II, que na posición interior queda a máis de sete puntos dos fascículos I e III. Idéntica consideración pódese facer a propósito do prego XIV, fronte a VII e IX: nestes dous últimos cadernos a proporción de <̄q̄> en interior de palabra é unhas décimas maior á presente en posición final, pero no caderno XIV esta última sitúase case 5 puntos por riba da posición interior.

2. O trazo sobreposto aparece tamén enriba de <̄q̄> e equivale, o conxunto, a <que>: **q̄** (5rb), **q̄** (7va), **q̄** (76rb). Documentáanse en total 533 ocorrencias. É, precisamente, a forma *que* a máis rendible con 374 exemplos (1ra₄, 1rb₈, 1va₂, 1vb₅, 2ra₈, 2rb, 2va₃, 2vb₄, 3ra₈, 3rb₇, 3va₃, 3vb₂, 4rb₆, 4va₉, 4vb₁₁...), seguida polos 45 de *quer* (4rb, 4va₂, 7ra, 7vb₄, 10vb₃, 11ra, 11va, 13rb₂, 16rb, 18rb, 19va...), 21 de *quero* (2vb, 4vb, 5ra, 5vb, 7ra, 7va, 13ra, 14rb, 16vb, 19rb, 20rb, 22rb₃...), 17 de *quen* (2ra, 3ra, 7ra, 7va₂, 8va, 8vb, 10va, 14rb₂, 14va, 21vb, 25vb, 30vb...) e 12 de *querer* (1va, 8ra, 8rb, 8vb, 19rb, 19va, 26rb, 31ra, 31va, 61ra, 69ra, 75vb) (os demais teñen menos de dez documentacións).

Táboa 3

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<̄q̄> (casos)	131	117	52	45	50	26	38	-	25	5	14	14	7	6	2	1	-	533
<̄q̄> (%)	46	38,9	37,1	18,2	18,5	8,4	17,7	0	11,5	3,6	7,9	5,5	15,6	7,2	2,2	0,7	0	17,8

Na primeira das filas da táboa precedente ofrécense as cifras absolutas, por fascículos, dos casos de <̄q̄>. Destacan no seu uso os cadernos I e II, cada un con máis dun cento de exemplos. Os pregos III, IV e V presentan cantidades bastante menores (ao redor do medio cento), descendendo de modo considerable o emprego da abreviatura nos restantes fascículos do códice (VI, VII e IX). A redución no emprego desta abreviatura, ausente dos cadernos VIII e XVII, consúmase a partir do fascículo X: entre este caderno e o último do manuscrito só se documentan 49 ocorrencias de <̄q̄>.

Na segunda ringleira reflíctese a proporción relativa de uso da escolla abreviada <̄q̄> fronte á plena <que>, sempre dende unha perspectiva fascicular. A opción abreviada, cunha media de case o 18%, non é maioritaria en ningún prego e, en dous, está ausente (VIII e XVII; a pesar de que en ambos os dous hai exemplos abundantes de <que>, con máis de 70 documentacións). En todo caso, dende esta óptica hai tres fascículos que destacan por riba de todos os demais: os tres primeiros, xa que o recurso abreviativo oscila neles entre o 46% do I e o 39%/37% do II e III. A bastante distancia, máis de vinte puntos porcentuais, sitúanse os cadernos IV, V, VII, IX e XIII, que oscilan entre o 18% e o 11%. Nos pregos VI, XI, XII e XIV a variante abreviada é unha escolla moi minoritaria, que vai do 8% ao 5% e chega a ser completamente residual nos fascículos X, XV e XVI.




3. Este mesmo trazo xeral asume outros valores non tan relevantes en número:

- $\langle \bar{p} \rangle$ equivale a $\langle \text{pre} \rangle$ en dez exemplos (p 7va): *preguntar* (1: 7va), *preguntar* (2: 29ra, 39rb), *preguntaren* (1: 20rb), *prender* (1: 73rb), *prendo* (1: 2rb), *prendi* (1: 36rb), *prestar* (1: 1rb), *senpre* (1: 53va) e *senpre* (1: 79rb). A súa distribución nos cadernos de *A* é I, 3; IV, 1; V, 1; VI, 2; IX, 1; XII, 1 e XV, 1. A proporción media con que se elixe a opción $\langle \bar{p} \rangle$ fronte a $\langle \text{pre} \rangle$ é do 5%; esta última está presente en todos os pregos actuais de *A* e, nos fascículos en que coinciden as dúas variantes, a porcentaxe de uso da abreviada é a seguinte: I, 20%; IV, 5,3%; V, 7,7%; VI, 9,5%; IX, 9,1%; XII, 5,6% e XV, 6,7%. O único caderno en que a frecuencia de uso de $\langle \bar{p} \rangle$ é relativamente significativa é no I; nos demais oscilase entre o 9% e o 5%.
- O trazo sobreposto $\langle \bar{e} \rangle$, con $\langle \bar{t} \rangle$, $\langle \bar{z} \rangle$ e $\langle \bar{u} \rangle$ (con valor consonántico), tamén abrevia o segmento $\langle \text{er} \rangle$ en oito exemplos (s 88va): *fezera* (1: 88va), *mester* (2: 1vb, 3rb), *uedade* (1: 20va) e tamén en *terra* (3: 4vb, 10vb, 28rb) e *terras* (1: 25va) (con este substantivo, singular e plural, os únicos catro casos de abreviación son, precisamente, estes). Por fascículos, distribúense do seguinte xeito: I, 3; II, 1; IV, 2; V, 1 e XVII, 1. Fronte ás correspondentes formas plenas supoñen o 10,8% e, nos catro pregos en que se rexistra a variante abreviada, esta supón as porcentaxes seguintes: I, 37,5%; II, 8,3%; IV, 20%; V, 10% e XVII, 100%. Que se concentren nos primeiros cadernos de *A*, mesmo coa proporción que ofrece en I, pode considerarse un comportamento normal, pero non o é tanto no relativo ao prego XVII, caracterizado, en xeral, pola escaseza abreviativa, aínda que neste caso se decante pola abreviatura e non pola forma plena.
- Este trazo sobreposto, seguindo a $\langle \bar{d} \rangle$, $\langle \bar{t} \rangle$ e $\langle \bar{u} \rangle$ (con valor consonántico), abrevia $\langle \text{e} \rangle$ en tres oportunidades (ii 21vb): *ante* (1: 9ra), *graue* (1: 21vb) e *seede* (1: 6va), que se localizan nos cadernos I, II e IV.
- En cinco exemplos documéntase $\langle \bar{n} \rangle$ (ii 11rb) coa correspondencia unívoca de *non*. Os exemplos rexístranse nos primeiros fascículos, en concreto, no II (1: 11rb), III (3: 15rb, 16va –cfr. §2.4.–, 19rb) e V (1: 30ra). Fronte ás representacións $\langle \text{non} \rangle$ ou $\langle \text{no} \rangle$, a porcentaxe de uso que neses tres cadernos de *A* presenta a variante abreviada $\langle \bar{n} \rangle$ é do 4,2% no prego III e do 0,8% nos outros dous.

Destes últimos datos, que se recollen en esquema na táboa 4, merece destacarse a presenza do signo de abreviación no caderno I, que reúne o maior número de exemplos, así como a concentración de todos eles nos seis primeiros fascículos de *A* (suman o 84,6%):

Táboa 4

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<ñ̄> = <non>	-	1	3	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	5
<ḏ, ṛ, ū> = <de, te, ue>	1	1	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	3
<̄> = <er>	3	1	-	2	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	8
<ḡ> = <pre>	3	-	-	1	1	2	-	-	1	-	-	1	-	-	1	-	-	10
Total	7	3	3	4	3	2	-	-	1	-	-	1	-	-	1	-	1	26

- Con 14 documentacións repartidas entre nove cadernos (1vb, 8rb, 18ra, 22rb, 23rb, 25vb₃, 27va, 35ra, 61rb, 66rb, 71vb, 74vb), o trazo sobreposto en <ñ̄o> ( 8rb) serve tamén en *A* como abreviación de <nostro>. Presenta cinco ocorrencias no prego IV, dúas no caderno XI e unha única nos fascículos I, II, III, V, VI, XII e XIII. A forma plena *nostro* documenta 30 exemplos (non temos en conta os tres casos coa consoante nasal maiúscula non representada –aínda que si con indicación para o rubricador–) e, en consecuencia, a opción abreviada supón o 31,8% do total de realizacións deste posesivo. Se proxectamos o seu reparto por fascículos, a porcentaxe de uso da opción abreviada é: I, 100%; II, 25%; III, 33,3%; IV, 83,3%; V, 33,3%; VI, 20%; VII, 0%; IX, 0%; X, 0%; XI, 50%; XII, 11,1% e XIII, 100%. No resto de pregos non se atopa ningunha das dúas variantes. Nos cadernos VII, IX e X rexístranse en total 10 casos da variante plena, pero ningún de abreviación.
- Finalmente, en cinco ocasións o trazo sobreposto, ben en <ḡa> (3: 8ra, 33va, 34rb), ben en <ḡaren> (2: 78rb, 78va), abrevia a secuencia <sancta> ( 8ra,  78rb). Os tres primeiros exemplos rexístranse nos cadernos II (1 caso) e VI (2 casos); os dous segundos recóllense no fascículo XIV (textos do anónimo V, famoso polo seu requintado e enigmático refrán de alta carga toponímica escalabítana [*A*]y *senterigo*, *ay senterigo*, *al e alfanx e al seserigo*). A forma plena *santaren* ten tres documentacións, todas tres no propio caderno XIV (60%); mentres, as formas con grafías alfabéticas *sancta*, *santa* e *sant* repártense polos fascículos II, III, VI, VII e XV. Fronte a estas formas extensas, a variante abreviada *sanctaren* representa o 40% dos casos e, pola súa banda, a abreviación *sancta* constitúe o 50% dos exemplos do caderno II e o 66,7% dos do prego VI.

2.1.2. Corte inferior horizontal

A abreviatura <ḡ> presenta en *A*, cos valores de <per> ou <par>, un total de 262 ocorrencias. Delas, a primeira das equivalencias detéctase en 246 exemplos e a segunda en 16.

1. En canto a <p> con valor de <per> (**p** 4va, **p** 13ra, **p** 13ra, **p** 61rb) localízase nas formas *emperador* (2: 8va, 44ra), *enpero* (1: 43va), (*E*)*npero* (1: 43vb), *per* (95: 1ra, 1rb₂, 1vb, 2ra₃, 2va, 2vb₂, 3rb₂, 3va₄, 3vb, 4rb₂, 4va, 5ra, 5va₂, 5vb, 6ra, 6va, 7ra₃, 7vb, 9ra...), *pera* (1: 27rb), *perç* (1: 36ra), *perço* (1: 78va), *perde* (6: 5ra, 12ra, 12va, 45ra, 70ra, 72ra), *perdedes* (1: 33vb), *perdendo* (1: 35rb), *perder* (26: 1ra₂, 2ra, 3ra, 4vb, 5ra, 5va, 7rb, 10rb, 11vb₂, 12va₂, 13vb, 22rb, 23va, 23vb₃...), *perdera* (1: 5rb), *perderan* (1: 5rb), *perderei* (15: 7rb, 10rb, 12rb₃, 13va, 13vb, 14rb, 23rb, 23va, 23vb...), *perderia* (2: 7rb, 23vb), *perderon* (1: 8rb), *perderon* (1: 28ra), *perdess* (1: 38vb), *perdesse* (1: 43ra), *perdi* (10: 5vb, 6rb, 6va, 26vb, 36ra, 45ra, 53ra, 59rb, 67va, 69vb), *perdon* (27: 3va, 7vb, 20ra, 20rb, 22va, 23rb, 24ra, 26rb, 27rb, 28ra₂, 28rb, 30rb, 31va...), *perdon* (1: 13ra), *perdoar* (1: 6rb), *perdōar* (1: 7vb), *perdōasse* (2: 6rb, 6rb), *perdud* (3: 12va, 12va, 39ra), *perdudo* (3: 13ra, 70ra, 78rb), *perfia* (1: 64rb), *pero* (37: 1vb, 3vb₃, 7rb, 10vb₂, 13ra, 13vb₂, 15rb, 16rb, 16va, 19va, 21rb, 22rb...).

Esta abreviatura documéntase maioritariamente nos cadernos I (57 exemplos) e II (41 casos); a distancia considerable encóntranse os valores dos fascículos IV (31), V (27) e VI (22) –sorprende, en principio (véxase *infra*), o prego III dentro deste grupo, con só 8 ocorrencias–. Salvo nos cadernos XI e XII (con 11 e 14 exemplos, respectivamente), no resto de fascículos o uso desta abreviatura diminúe notablemente (IX, X, XIII, XIV) ata desaparecer nos pregos XV, XVI e XVII. Os sete primeiros cadernos concentran, xa que logo, máis do 80% dos casos rexistrados:

Táboa 5

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<p> = <per> (casos)	57	41	8	31	27	22	12	4	5	7	11	14	2	5	-	-	-	246
<p> (%)	68,7	65,1	57,1	50,8	48,2	45,8	20,3	44,4	11,6	21,9	24,4	40	28,6	25	0	0	-	40,1

Na segunda das filas da táboa número 5 reproducése a porcentaxe de uso que, por fascículos, alcanza a opción abreviada fronte á extensa. Nos seis primeiros cadernos a escolla abreviada é maioritaria ou case maioritaria (incluído o prego III, que posúe poucas abreviaturas, e no que as formas plenas aínda son menos); nos fascículos VIII e XII o uso da abreviatura oscila entre o 40% e o 44%; nos cadernos VII, X, XI, XIII e XIV flutúa entre o 20% e o 28%; no fascículo IX esta porcentaxe redúcese ata pouco máis do 10%; finalmente, nos pregos XV e XVI rexístranse case corenta formas plenas por ningunha forma abreviada.

2. Verbo da abreviatura <p> co valor de <par> (**p** 11rb, **p** 66rb), sempre en posición inicial ou interior, as dezaseis documentacións distribúense así:

desamparades (1: 11rb), *desamparado* (3: 3va, 8rb, 10va), *desanparado* (1: 3rb), *desanparar* (1: 14ra), *desenparad* (2: 51vb, 51vb), *parte* (1: 17ra), *parti* (2: 31ra, 52vb) e *partir* (5: 4rb, 7va, 12ra, 28rb, 66rb). Por cadernos, de xeito paralelo ao visto na táboa anterior, os dous primeiros concentran, só eles, máis da metade de todos os exemplos da abreviatura; no prego XI rexístrase o último deles:

Táboa 6

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<p> = <par> (casos)	4	5	1	-	2	-	-	-	3	-	1	-	-	-	-	-	-	16
<p> (%)	33,3	45,5	11,1	0	16,7	0	0	0	42,9	0	8,3	0	0	0	0	0	0	18

A partir do fascículo XII (incluído) non se volve detectar esta abreviatura, a pesar de que contamos en todos os cadernos con algún caso en forma plena (suman en total nesta zona case 20 exemplos). A media do emprego da forma abreviada é do 18% e son os fascículos I, II e IX os que mostran as porcentaxes de uso máis elevadas (pero sen seren nunca maioritarias). Nos outros tres pregos nos que se detecta, a súa presenza oscila entre o 16% e o 8% (III, V e XI).

2.1.3. Corte medial

O trazo de natureza abreviativa pode cortar o hastil vertical da grafía coa que se combina, aproximadamente, na súa zona central. Pódeo facer seguindo unha traxectoria máis ou menos recta e oblicua ou realizando unha especie de bucle ou lazo.

1. Corte medial oblicuo. Un dos sinais abreviativos empregados en *A*, é un trazo oblicuo con inclinación que vai do ángulo superior dereito ao inferior esquerdo e que corta pola metade a grafía consonántica do ese alto: <fer> (9ra, 31vb). O valor do conxunto é <fer>. Recollemos, en total, dezaioito exemplos: *serui* (2: 31vb, 75rb), *seruic* (1: 1va), *seruiç* (1: 9ra), *seruiço* (2: 17rb, 18rb), *seruidor* (1: 69rb), *seruir* (5: 18rb, 35rb, 39ra, 69vb, 74va), *seruirei* (3: 9ra, 19va, 35rb), *quiser* (1: 7va), *quiserdes* (1: 6va) e *quiser* (1: 31va). Maioritariamente –en quince dos dezaioito exemplos–, a posición que ocupa na palabra é a inicial, pero tamén pode aparecer en posición interior (un exemplo) ou final (dous casos). Estas ocorrencias distribúense por oito fascículos de *A*, que se agrupan en tres zonas: cadernos I, II e III (nove exemplos en total); V e VI (cinco exemplos entre os dous), e XII, XIII e XIV (catro exemplos). Non se documenta nos outros fascículos do códice. Como se pode observar, esta abreviatura é máis produtiva nos cadernos iniciais do cancionero.

Táboa 7

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<fer> (casos)	3	2	4	-	2	3	-	-	-	-	-	2	1	1	-	-	-	18
<fer> (%)	21,4	14,3	23,5	0	40	18,8	0	-	0	0	0	20	33,3	16,7	0	0	-	13,8

A porcentaxe media con que se emprega en *A* <fer> fronte á forma extensa <fer> é case do 14%. A representación plena, <fer>, localízase en todos os cadernos menos en VIII e XVII e, aínda que a súa presenza é relativamente importante nos primeiros fascículos, non é menos verdade que o prego que concentra máis exemplos é o XVI, con quince casos (péñese que, sumadas as formas plenas dos cadernos IV, VII, IX, X, XI e XV –que non contan entre os seus folios coa opción abreviada–, obtemos a cifra de trinta ocorrencias). Se nos fixamos na proporción de uso de <fer> fronte a <fer> por fascículos, hai dous en que resulta especialmente rendible, o V e o XIII (entre un terzo e dúas quintas partes do total); no resto dos cadernos oscila nunha franxa bastante homoxénea que vai do 14% ao 23% (sempre, en todo caso, por riba da media final).

2. Corte medial lazado. Documentáanse en *A* 33 exemplos de <p> sempre co valor de <pro> (P 8ra, P 8ra, P 76va). As formas concretas son: *aprouguer* (4: 14va, 49va, 72ra, 72rb), *prol* (13: 8ra₂, 12va, 14rb, 19ra₃, 24va₂, 52ra, 54rb, 68ra₂), *prouar* (2: 7ra, 27vb), *prougo* (1: 51vb), *prouguer* (12: 1rb, 1vb₂, 4rb, 12rb, 13ra₂, 14va, 31vb, 45va, 52vb, 76va) e *prouguess* (1: 7rb). Rexístranse ao longo de nove fascículos e non se rexistran, en consecuencia, en oito: VI, VIII, X, XI, XIII, XV, XVI e XVII. De novo, debemos destacar a elevada concentración destas formas nos pregos I e II, que reúnen case a metade dos exemplos (15 de 33, un 45,5%), e a concentración do valor cero nos cadernos finais do cancionero.

Polo que se refire aos casos, paralelos aos anteriores, pero que optan pola escrita alfabética completa, <pro>, suman 32 exemplos (un menos que os de formas abreviadas). Están repartidos por todos os fascículos de *A*, con excepción dos pregos VIII, X, XI e XIII. Nos demais oscilan entre unha e cinco documentacións.

Táboa 8

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<p> (casos)	6	9	3	2	2	-	1	-	5	-	-	4	-	1	-	-	-	33
<p> (%)	85,7	69,2	37,5	66,7	50	0	16,7	-	83,3	-	-	66,7	-	25	0	0	0	50,8

Nos fascículos que non rexistran <p> pero si <pro>, concentrados novamente, salvo no prego VI, no treito final de *A*, as formas desenvolvidas posúen oito ocorrencias.

Hai cinco cadernos en que a preferencia pola forma abreviada é sobresaliente (I e IX) ou notable (II, IV e XII); o fascículo V atópase na media e os cadernos III, VII e XIV están por debaixo desa media.

2.2. Signos particulares

Detectamos en *A* cinco sinais abreviativos que incluímos neste grupo: un que podemos caracterizar como trazo curto con ataque e saída <^> (sempre sobreposto); outro é un apóstrofo <^> (que tamén ocupa unha posición superior); un terceiro en forma de número nove co bucle aberto que se sitúa maioritariamente na caixa de escritura <9> ou, máis raramente, sobreposto <9>; por último, en cuarto e quinto lugar as notas tironianas <c> e <C>, aquela para representar a conxunción copulativa e esta, moi pouco empregada en *A*, co valor de <con>.

2.2.1. <^>

Este sinal abreviativo presenta, no *Cancioneiro da Ajuda*, un total de 71 ocorrencias. Aínda que asume catro valores (<er>, <re>, <eir> e <e>), o terceiro e o cuarto son completamente residuais, pois só hai un caso de cada un; para os dous primeiros, porén, rexístrase un reparto equilibrado:

1. En combinación cos grafemas <d>, <ġ>, <ũ> e <ž> equivale a <er> (e 18vb, 29rb, 31va, 32ra) e documéntase en 35 casos que se concentran nas seguintes formas: *auer* (1: 31va), *auergōnar* (1: 14va), *dizer* (7: 1rb, 2vb, 3rb, 21va, 22va, 24rb, 75rb), *fazer* (8: 8va, 13vb, 18vb, 33vb, 40vb, 43ra, 43ra, 46ra), *fezer* (3: 4rb, 13rb, 13va), *mester* (4: 2ra, 7vb, 18ra, 19rb), *meter* (1: 18rb), *poderedes* (1: 29rb), *prazer* (6: 3rb, 15rb, 26va, 32ra, 32ra, 39rb), *uerdade* (1: 28ra) e *uerdad* (2: 23va, 27va). Con este valor a acumulación fascicular aínda resulta máis obvia: ademais de que é o caderno I o que máis exemplos contén, seis, entre os cinco primeiros fascículos reparten, proporcionalmente, o 80% do total de casos, que continúan rexistrándose de forma ininterrompida ata o prego VIII (supoñen todos eles o 97,1% do total) e que faltan a partir do fascículo XV e nun treito que comprende os cadernos IX a XIII.

2. Cando este sinal abreviativo combina con <ġ>, o valor da secuencia é <pre> (p 2va, p 2vb, p 54rb). Son, en total, 34 rexistros que se distribúen entre as seguintes formas: *preguntaran* (1: 7va), *preito* (1: 15rb), *prender* (10: 2ra, 2va, 2vb₂, 3va, 5rb, 10ra, 11rb, 12vb, 17rb), *prendesse* (1: 10ra), *prendi* (1: 3va), *prendo* (1: 3va), *prestar* (1: 3va), *preto* (1: 53va), *prez* (1: 20rb), *sēpre* (1: 74vb), *sempre* (7: 2vb, 7vb, 46vb, 55vb, 63rb, 66va, 66vb) e *senpre* (8: 1vb, 2va, 2vb, 15rb, 19vb, 20rb, 54rb,

56ra). A concentración desta abreviatura no inicio do códice é evidente: o caderno I acumula o 44,1% do total de exemplos e, entre os tres primeiros fascículos, suman máis dos dous terzos do total de uso da abreviatura, que non se detecta a partir do prego XIV.

Táboa 9

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<̂> = <er> (casos)	7	5	5	4	7	2	3	1	-	-	-	-	-	1	-	-	-	35
<̂> = <er> (%)	14,6	10	14,7	8,3	11,5	3	7,7	14,3	0	0	0	0	0	10	0	0	0	7,5
<̂> = <re> (casos)	15	4	4	2	-	-	-	1	2	2	3	-	1	-	-	-	-	34
<̂> = <re> (%)	55,6	15,4	36,4	10	0	0	0	33,3	16,7	20	15	0	33,3	0	0	0	0	17,7

Con calquera dos dous valores principais de <̂> as porcentaxes medias finais de uso son moi baixas, aínda que é certo que en <re> (algo máis do 17%) a proporción duplica ou case triplica a de <er> (sobre o 7%). Co primeiro dos valores sinalados unicamente se rexistra un caderno de *A*, o I, en que as formas plenas son superadas polas abreviadas; en tres fascículos a abreviatura sitúase ao redor do terzo (III, VIII e XIII), noutros oscila no seu emprego entre o 10% e o 20% (II, IV, IX, X e XI) e nos outros oito pregos hai formas plenas, pero non se rexistra ningunha abreviada. Polo que se refire a <er>, as porcentaxes medias de uso son moito máis baixas: hai seis cadernos en que a proporción oscila entre o 10 e o 15% (I, II, III, V, VIII e XIV), dous que se sitúan sobre o 8% (IV e VII), un co 3% (VI) e o resto, oito fascículos, en que non hai pegada deste recurso abreviativo. Obsérvase que os únicos cadernos con ausencia de ambos os valores son o XII, XV, XVI e XVII; nos outros catro hai complementariedade, pois en V, VI, VII e XIV non se rexistra a forma abreviada co valor <re>, pero si hai exemplos de <er>, e, ao contrario, en IX, X, XI e XIII non hai exemplos de <er> e si de <re>.

3. O único exemplo de <̂> con valor <eir> sitúase no caderno I, *primeiramente* **má** (1vb). Como son sete as voces que en *A* escriben esa secuencia como <eir> –seis– (ou <eyr> –unha–) a opción abreviada supón un 12,5%. A forma plena distribúese polos fascículos II (2), IV (2), IX (2) e XIII, pero non aparece no I.

4. En <̂pr> o valor <e> da abreviatura débese, probablemente, a un descoido, ao representar tamén o erre redondo final no adverbio (no punto 2 sinalouse que hai 16 casos deste adverbio coa abreviación esperable <̂p> = <pre>, ningún deles no fascículo V). Localízase no exemplo **sen p̂** (31va), no caderno V (neste prego a porcentaxe de uso desta abreviación é do 16,7%).

2.2.2. <̃>

Este sinal abreviativo semellante a un apóstrofo emprégase en *A* en 255 ocasións e asume, en total, tres valores diferentes:

1. O máis rendible, a moita distancia dos demais, pois alcanza o 98% dos usos (son 250 exemplos), verificase na forma <d̃s̃>, que equivale a <deus> (d̃s̃ 4vb, d̃s̃ 25vb, d̃s̃ 72va). Da súa frecuencia dá conta o feito de que a representación abreviada <d̃s̃> é máis habitual (55,3%) que a forma extensa <deus>. Non ten que sorprender esta situación pois, despois de todo, este foi un dos primeiros catro *nomina sacra* abreviados xa no s. IV en latín, segundo o modelo grego, <D̄S̄> (cfr. De Robertis *et alii* 1993: 268). Documentábase <d̃s̃> en todos os fascículos de *A*, con excepción dos tres últimos (XV, XVI e XVII, que si posúen abundantes formas plenas: 13, 15 e 6, respectivamente), e presenta a seguinte distribución:

Táboa 10

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<̃> = <eu> (casos)	26	31	10	37	34	22	17	3	19	17	13	15	3	3	-	-	-	250
<̃> = <eu> (%)	63,4	72,1	52,6	72,5	63	50	44,7	75	51,4	65,4	65	60	75	25	0	0	0	55,3

Na meirande parte dos cadernos a forma abreviada é maioritaria: ademais de VIII e XIII (con cadansúas tres abreviaturas por forma plena), en I, II, IV, V, X, XI e XII a opción abreviada oscila entre o 60% e o 72% de uso; en III e IX esta só está un pouco por riba do 50%, porcentaxe que é a que posúe o prego VI; finalmente, alén dos tres últimos fascículos en que non se rexistra <d̃s̃>, esta abreviatura é minoritaria nos cadernos VII (por pouco) e XIV (claramente). A forma *deus* coñece tamén en *A* outra variante abreviativa, pero moito menos rendible, dado que só conta con dez ocorrencias (cfr. §2.2.3.). En todo caso, se sumamos ambas as posibilidades abreviativas (con <̃> e con <g> ou <g̃>), no caderno I aumentaría a proporción fronte á forma plena ata o 65,9%, no II ata o 73,3%, no V ata o 63,6%, no XIV subiría ata o 40% e no XV pasaría do 0 ao 7,1%.

Tal e como se sinalou ao inicio desta epígrafe, o signo <̃> localízase en *A* noutros cinco exemplos, sempre nos primeiros fascículos do códice, con outros dous valores, xa que logo, secundarios:

2. Co valor de <er> (e 21vb) documéntase en catro casos, un por fascículo: III, IV, V (<saḃ> *saber*: 19rb, 21vb, 27ra) e VII (<moll̃> *moller*: 43va).

3. Equivalendo a <e> só se atopa nun exemplo, <moll̃> *moller*, no caderno I (e 2ra). Certamente, coma no caso de <señr> visto anteriormente, non faría falta a

presenza de <r> final para interpretar <ll'> como <ller>, polo que non é descartable que sexa debido a un erro do copista.

Como se pode apreciar na táboa 11, a porcentaxe de formas abreviadas sobre o total de formas plenas (*saber* e *moller* no primeiro caso, *moller* no segundo) é moi baixa e non chega a alcanzar o 5%. Nos fascículos en que se rexistra a opción abreviada, salvo no IV (en que hai un exemplo de <saß> e outro de <moller> –non se documenta neste prego nin <saber> nin <moll'>–), a porcentaxe oscila entre o 7% e o 16%:

Táboa 11

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
< > = <er> (casos)	-	-	1	1	1	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	4
< > = <er> (%)	0	0	16,7	50	7,7	0	10	0	0	0	0	0	0	0	0	0	-	4,8
< > = <e> (casos)	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1
< > = <e> (%)	12,5	0	0	0	0	0	0	-	0	-	-	0	0	-	-	0	-	3,1

2.2.3. <9> ou <'>

Mariño e Varela (2005: 365-369) estudaron polo miúdo o emprego en *A* do signo paleográfico <9> (**us** 9ra, **ch** 9ra, **u** 11ra, **mes** 32rb, **u** 72va) ou <'> (**u** 2va, **mc** 37vb), equivalente ás terminacións latinas *e*, por analogía, romances <-us> e <-os>. Nestas páxinas ofreceremos só un conxunto de datos xerais que permitan enxergar a súa distribución ao longo dos fascículos de *A*⁶. Documentamos 277 casos desta abreviatura: 273 de <9> e unicamente 4 da variante sobrescrita <'>. O fragmento abreviado ocupa posición tónica só en 15 exemplos. Hai que constatar, polo tanto, que este é un recurso abreviativo propio do contexto átono, pois apenas o 5,4% das ocorrencias se corresponden con forma tónica.

Os quince exemplos de abreviación en vocábulos tónicos, sempre con <9>, son: *ch*₉ (1: 9ra), *conu*₉*co* (1: 4vb) e *u*₉ (13: 3ra, 6ra, 6va, 9ra, 11rb, 11va, 12va, 14rb₃, 14va, 53ra, 72va). Estes casos concéntranse nos dous primeiros cadernos de *A* (I, 4 exemplos, e II, 9), pois entre eles dous acumulan algo máis do 86% das formas tónicas abreviadas; os dous exemplos que faltan aparecen un no fascículo IX e outro no XII. Neste contexto tónico e fronte ás representacións plenas con grafías alfabéticas, claramente maioritarias (salvo coa primeira, xa que en *A* non se rexistra a forma extensa *chus*), a proporción no uso do recurso abreviado é moi exigua, cunha

6 Cómpre manexar tamén o traballo de Álvarez (2004), especialmente as páxinas 48-51.

media do 3,2%. Se nos fixamos de modo específico nos cadernos con presenza das abreviaturas, apréciase que mentres nos pregos I, II e IX a proporción de uso do recurso abreviativo oscila entre o 8% e o 12%, no fascículo XII supón pouco máis do 3% (practicamente coincide coa media xeral). Daquela, a elección abreviada semella ser marxinal só neste último caderno; nos outros tres mantense unha proporción baixa –ao redor da décima parte dos exemplos–, pero equilibrada entre eles.

Polo que se refire ás formas átonas, das 262 ocorrencias que se rexistran, 258 sono de <9> e só 4 de <9>. Estes últimos casos da variante sobrescrita rexístranse en <de9> (2: 2ra, 2va), <me9> (1: 37vb) e <u9> (1: 33vb), que se concentran, como se pode comprobar polo número de folio, no caderno I (dous exemplos) e no caderno VI (outros dous). Destes catro casos, tres deles coinciden en careceren de espazo en branco entre o sinal de abreviatura e o comezo da palabra seguinte (<de9der> 2ra, <de9nūca> 2va e <u9ueer> 33vb), pero sen estaren mediatizados pola escaseza de espazo de escritura nos seus versos; no cuarto non se verifica esa circunstancia porque se sitúa directamente na fin da liña (37vb). Non se aprecia que ningún deles sexa produto de revisión da copia.

Os 258 exemplos de <9> repártense entre *de9* (8: 1vb, 10ra₂, 30vb, 75ra, 75rb, 75va, 79rb), *me9* (10: 7va, 19ra, 21rb, 31va, 32rb, 37vb, 42rb, 47ra, 61rb, 75rb), *sande9* (2: 28ra₂) e *u9* (238⁷: 1rb₃, 1va₄, 1vb, 2rb, 2va₃, 2vb, 3ra₂, 3rb₃, 3vb₃, 4rb₂, 4vb, 6ra₃, 6va₃, 6vb, 7rb, 8ra₂, 8va₄, 9ra, 10ra₃, 10rb₃, 10va, 11ra, 11rb, 11va₄...). Destas catro voces só *sande9* posúe un maior número de ocorrencias da opción abreviada (son dous exemplos) ca da extensa (un único exemplo). Verbo de *meus* e *uos/uus*, a preferencia pola forma plena (nas abreviadas incluímos tamén os casos con <9>) vai dende algo máis do 87% para o posesivo plural ata case o 68% para o pronome persoal átono. A media global de uso de todas estas formas átonas abreviadas fronte ás plenas correspondentes é de pouco máis do 25%.

Fixarémonos a continuación no reparto, por fascículos, de <9> e <9> no contexto da atonicidade. En primeiro lugar, cómpre subliñar que estas formas abreviadas están ausentes nos cadernos XVI e XVII do códice; o único exemplo que se rexistra no XV (*de9*) está no f. 79rb, o primeiro deste prego (cfr. §4.). Non hai ningún fascículo en que a opción abreviativa sexa maioritaria, pero hai algúns (I, II, III, V e IX) en que é unha opción importante, pois, fronte ás formas plenamente desenvolvidas, oscila entre un 46% e un terzo das ocorrencias. Noutros catro cadernos (IV, VII, VIII e XII) as formas abreviadas supoñen entre unha quinta e unha cuarta parte do total. Nos fascículos VI e X (17%-16%), pero sobre todo en XIII, XIV e XV, a proporción das abreviaturas está por debaixo ou moi por debaixo da media.

7 Un exemplo de <u9>, átono, en 10rb está riscado cun trazo horizontal.

Táboa 12

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<g> tón. (casos)	4	9	-	-	-	-	-	-	1	-	-	1	-	-	-	-	-	15
<g> tón. (%)	8,2	12,3	0	0	0	0	0	0	8,3	0	0	3,3	0	0	0	0	0	3,2
<g>+<?> át. (casos)	34+2	53	19	15	27	22+2	23	2	29	6	5	17	1	4	1	-	-	262
<g> <?> át. (%)	33,6	46,1	42,2	24,2	37	17,6	23,2	20	40,3	16,2	10,6	24,3	6,3	7,7	2,6	0	0	25,3

En síntese, se consideramos tanto as formas tónicas coma as átonas en que participan as abreviaturas <g> e <?>, observamos que as reflexións relativas ás formas átonas son, en xeral, válidas para as tónicas e átonas consideradas de xeito conxunto. Dende unha perspectiva xeral, tendo só en conta os números absolutos, no códice débúxanse tres grandes zonas: unha primeira, integrada polos cadernos I e II, que concentra unha elevada cantidade de exemplos (máis de cen); unha segunda, constituída polos fascículos III a IX, que acumula cento corenta ocorrencias, e unha terceira, que engloba os últimos fascículos, que reúne 35 exemplos. Dende a perspectiva da rendibilidade que a opción abreviada ten sobre o total de formas susceptibles de o seren, hai un grupo de cadernos que se sitúa con claridade por riba da media (I, II, III e IX), outros que están, aproximadamente, ao redor dela (IV, V, VII e XII), algúns que se sitúan por baixo da media (VI, VIII e X) ou moi por debaixo dela (XI, XIII, XIV e XV) e outros (pregos XVI e XVII) que non rexistran exemplo ningún da abreviatura.

Táboa 13

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<g>/<?> tón./át. (casos)	40	62	19	15	27	24	23	2	30	6	5	18	1	4	1	-	-	277
<g>/<?> tón./át. (%)	25,6	33	31,1	16,1	21,6	13	18,5	10,5	35,7	11,1	6,7	18	2,9	5,3	1,6	0	0	18,4

2.2.4. <τ>

O signo <τ> (U 2va, T 1 e T 8va, T 88va), que afonda as súas raíces nas denominadas notas tironianas da antigüidade latina, constitúe outro dos recursos abreviativos máis frecuentes en *A*. Neste códice, a conxunción copulativa coñece tres posibles representacións: <e>, <et> e <τ>. Obviamente, a natureza das unidades é diferente, pois dúas son de índole alfabética mentres que a outra, a última citada, é abreviativa. Os datos que obtemos da análise de *A* indicánnos

que esta nota tironiana, que reúne 252 ocorrencias, está presente en todos os cadernos do manuscrito, excepción feita do fascículo IX. En termos absolutos, a distribución con que se reparte ao longo de todo o cancionero é desigual: concéntranse os exemplos nos cadernos II, XV e XVI (as documentacións nestes tres fascículos supoñen case a metade do total de exemplos de <τ>). Constátase, pois, que este signo abreviativo convencional, contrariamente ao que se verifica cos outros recursos abreviativos (salvo coas siglas), domina nos últimos cadernos do códice.

Táboa 14⁸

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
↵ (casos)	15	37	15	18	3	1	9	6	2	-	17	11	2	19	36	51	10	252
<τ> (%)	11,5	23,6	24,6	15	2,5	0,7	6,3	35,3	2	0	14,5	10,3	33,3	38	81,8	63	100	14,3

Como se pode verificar na táboa precedente, a media global con que a nota tironiana representa a conxunción copulativa fronte aos outros recursos non abreviativos é do 14,3%. Agora ben, ademais de dous fascículos estremeiros en que a nota tironiana ou nin aparece (X) ou supón o 100% de usos (XVII), obsérvase que hai cadernos que se sitúan ao redor da media (I, IV, XI e mesmo o XII), bastante por debaixo desa media (V, VI, VII e IX), por riba dela (II, III, VIII, XIII ou XIV) ou moi por riba (XV e XVI). Confírmase, así, que nesta oportunidade son os últimos fascículos de *A* os especialmente permeables a esta abreviatura.

Alén da nota tironiana, o recurso para explicitar a conxunción copulativa vén dado en *A* por unha dupla opción de forma plena, quer como <e>, con case 1.200 documentacións na súa vertente minúscula, quer coa forma alatinada <et>, con 19 ocorrencias. Polo que se refire ao reparto destas últimas polos fascículos de *A*, obsérvase unha desproporción moi acusada: só está presente en tres cadernos, no I (con tres exemplos nos ff. 1r, 4v e 5r), no XV (con dous casos nos ff. 79v e 82r) e mais no XVI (dos catorce exemplos, doce reúnense en só dous folios, o 83v e o 84v, con seis casos cada un).

Non acontece o mesmo con <e>, que, presente en todos os fascículos de *A*, excepto no XVII, amosa a distribución seguinte: son sete os cadernos que pasan das cen documentacións (I, II, IV, V, VI, VII ou XI) e dous os que quedan nesa contorna con máis de noventa (IX e XII); deixando de parte os cadernos unifolios, os fascículos con menos exemplos son os últimos (o XIV e, sobre todo, o XV e o XVI).

8 Para a identificación de <τ> no prego XVII manexamos a lectura paleográfica de *A* fornecida por Arias Freixedo e Rodríguez Guerra (2010).

Se nos fixamos nas proporcións con que, por cadernos, <e> minúsculo representa a conxunción copulativa, observamos que, ademais do prego X, en que alcanza o 100%, oscila entre o 93% e o 99% nos fascículos V, VI, VII e IX; sitúase entre o 85% e o 89% nos pregos I, IV, XI e XII; xira ao redor do 75% nos cadernos II e III; oscila entre o 62% e o 66% nos fascículos VIII, XIII e XIV, para, por último, descender ata pouco máis do 13% no caderno XV, algo menos do 20% no XVI e ao 0% no prego XVII.

Cómpre engadirmos que, en algo máis dun terzo das ocasións, este signo abreviativo vai precedido de punto <τ> (7rb, 8a e 8va, 88va). Con ese aditamento nunca ocupa a posición inicial da liña, a pesar de que case outro terzo dos exemplos de <τ> se sitúa nesa posición inicial. Na táboa seguinte vemos a porcentaxe que supón a variante <τ> fronte a <τ> non inicial:

Táboa 15^o

%	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<τ>	84,6	73,3	90,9	100	33,3	0	28,6	50	50	-	37,5	16,7	50	15,4	31,6	38,7	57,1	54,4

En primeiro lugar, hai que destacar que a variante precedida de punto (lembremos, en contexto non inicial) é maioritaria con algo máis do 54% dos exemplos. Hai unha zona no códice especialmente permeable a esta opción: trátase dos catro primeiros fascículos, pois, neles, a proporción de <τ> nunca baixa do 73% e mesmo chega a alcanzar, no caderno IV, o 100%. Fóra deles, o único fascículo que se atopa lixeiramente por riba da media é o XVII. Hai unha serie de tres pregos en que a porcentaxe é do 50% (VIII, IX e XIII) e outros cinco oscilan entre o 28% e o 38% (V, VII, XI, XV e XVI). Por último, as cifras máis baixas alcánzanse nos fascículos XII e XIV, ademais de no VI (en que a única ocorrencia que se rexistra non presenta punto).

2.2.5. <τ>

Finalmente, debemos analizar, de entre os signos de abreviación con significado propio, un dos máis antigos, <τ>, que se documenta xa entre as notas tironianas e que é unha das abreviaturas máis empregadas ao longo da Idade Media, en latín ou en romance, coa equivalencia de <cum> e <con> (Cappelli 1995: XXV). Esta abreviatura é, en *A*, unha das menos produtivas, pois só se localiza un exemplo no caderno I (Johan Soarez Somesso), en que asume o valor de <con>: *denar* (7ra). Son maioría as representacións plenas deste verbo ao longo de *A*, con tres

9 A efectos estatísticos non contamos coas dúas ocorrencias de <τ> precedido de punto no interior dunha secuencia de siglas.

exemplos de *consentir* (5ra, 39ra, 50va), ademais dun de *cōsentir* (16rb). Como se pode comprobar, no propio ciclo de Johan Soarez Somesso (caderno I, ff. 4r-7v) hai tamén un exemplo coa forma plena (en 5ra).

2.3. Letras sobrepostas

Outro recurso braquigráfico presente en *A* é o das letras sobrepostas, isto é, grafías alfabéticas de módulo moi pequeno que ocupan unha posición superior á da caixa de escritura. Agora ben, unicamente posúen carácter abreviativo “si forman parte de la palabra abreviada y si se han colocado para indicar que faltan otras letras” (Núñez Contreras 1994: 113). De acordo con este criterio, exemplos coma ^a (6va), ^s (68rb), *coita^s* (68rb),^o (55vb) ou *outra^s* (35rb) non posúen ese carácter (en casos deste tipo a sobreposición gráfica non é un recurso braquigráfico senón correctivo ou adaptativo á escaseza de espazo escriturario). As grafías sobrepostas con valor abreviativo que localizamos en *A* suman un total de 156 exemplos. Todas elas son grafías vocálicas e, salvo de <u>, rexístranse exemplos das outras catro vogais: dúas delas, <a> e <i>, contan con numerosas ocorrencias e as outras dúas, <e> e <o>, aparecen esporadicamente.

2.3.1. <“>

Este signo non é máis que a transformación da letra <a> realizada co bucle aberto na súa parte superior, <u>. En todos os procesos abreviativos de *A* en que intervéen equivale sempre á vogal <a> e a outro elemento gráfico elidido. O seu trazado neste códice adoita ser unha representación esquemática de <u>, sempre sobreposto, por medio de dous pequenos puntos consecutivos cunha lixeira saída do segundo cara á dereita, máis ou menos prolongada (☞ 19ra). Só en cinco exemplos (4,7% do total) o <“> sobreposto vai combinado cun trazo horizontal, trazo que sempre se sitúa por riba: <“> ☞ (6rb). A abreviatura <“> documéntase en *A* en 106 ocasións e posúe dous valores básicos:

1. En 81 ocorrencias (algo máis das tres cuartas partes dos exemplos de <“>) abrevia a secuencia <ra>, secuencia que silabicamente sempre presenta na súa marxe explosiva un grupo consonántico homosilábico. A consoante que o inicia pode ser <g> (66 casos; ☞ 4va), <t> (14 exemplos; ☞ 26rb) ou <p> nunha única ocasión (☞ 1ra). Os exemplos que se abrevian constitúen un inventario reducido e son: *cōtra* (1: 14rb), *gracir* (1: 18rb), *grado* (4: 8ra, 10vb, 31va, 38vb), *gran* (55: 1va, 4va, 5va, 6rb, 7va, 7vb, 8ra, 19va, 20ra, 20rb, 21ra, 21rb, 21va, 22va, 23ra, 23rb,...), *grand* (3: 1rb, 8rb, 19ra), *grande* (2: 19ra, 23rb), *graue* (1: 27va), *mostrar* (4: 7ra,




13va, 19ra, 31va)¹⁰, *outra* (8: 3ra, 14va, 19ra, 19va, 20ra, 26rb, 31va, 39ra), *outras* (1: 22rb) e *praz* (1: 1ra).


Táboa 16

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<> = <ra> (casos)	10	7	7	21	16	14	-	-	-	-	4	1	-	-	1	-	-	81
<> = <ra> (%)	14,9	14,6	24,1	31,3	21,9	20,6	0	0	0	0	7,8	1,9	0	0	6,3	0	0	12,1

O 92,6% de todos os exemplos da abreviación de <> con valor de <ra> concéntrase nos seis primeiros fascículos do código; en total son oito os cadernos que non posúen ningún caso e, novamente, nos últimos fascículos a presenza desta abreviatura é moi escasa.

Tendo en conta todos os exemplos susceptibles de seren abreviados, a porcentaxe media de <> con valor de <ra> é relativamente baixa, con pouco máis do 12%, fronte ao case 88% de formas plenas. Nos cadernos en que non se detecta esta abreviatura, non é por escaseza da forma plena, xa que, entre eles, case alcanzan a cifra de douscentos exemplos (sobre todo os fascículos VII, IX, X e XVI). Nos nove cadernos con algunha abreviatura deste tipo, hai un que claramente rendibiliza a opción abreviada, o IV, con case un terzo das representacións; vai seguido do prego III, que case vehicula a través desta abreviatura unha cuarta parte dos exemplos; despois sitúanse, dous a dous, os cadernos V e VI (ao redor dunha quinta parte) e I e II (só dous puntos por riba da media). Nos pregos XI e XV o recurso abreviado é moito máis modesto e en XII podemos concluír que é excepcional.

2. Son 25 as ocorrencias (que supoñen un pouco menos da cuarta parte de todos os exemplos de <>) en que esta letra sobreposta asume en *A* o valor de <ua>. Adquire este sentido en combinación quer con <q> (19 exemplos;  4va,  5rb), quer con <g> (6 casos;  4vb). As formas abreviadas son: *guardado* (1: 4va),

10 Aínda que, polo menos teoricamente, existe a posibilidade de interpretar que o <a> sobreposto puidese abreviar tanto <ra> (*mostrar*) coma <ar> (*mostrar*), parece moi pouco probable esta segunda opción: non só porque sería o único caso desta abreviatura en *A* (<p> co valor de <par> non se atopa en posición final de palabra), ou porque, en *A*, <t> con <a> sobreposto sempre equivale a <tra> en todos os demais casos, senón tamén porque dende a propia perspectiva paleográfica o <a> sobreposto se comeza a escribir, nos catro casos, enriba do trazo horizontal do <t> precedente, nunha posición relativamente similar á doutros exemplos, con <t> ou con outras consoantes (+ <a> sobreposto), en posición interior ou, por exemplo, tamén en posición final (*cf.*: <eōt>  14rb). Aínda que sexa noutro contexto, en *guardar* o <> abrevia a secuencia <ua> e non <ar> (véxase *infra*). Ademais, este comportamento móstrase coherente co resto de abreviaturas con vogais sobrepostas en que intervén un <t>, xa que as secuencias abreviadas, como se verá, serán <ri>, <re> ou <ro>.

guardar (5: 2ra₂, 4vb, 7va, 41rb); *enquant* (1: 4va), *qual* (5: 5rb, 68vb₂, 69va, 74va), *quando* (3: 7va, 8ra, 39ra), *quan* (2: 7ra, 19va), *quant* (4: 8rb, 63vb, 66vb, 75ra), *quantas* (2: 75rb, 78rb) e *quanto* (2: 35ra, 46va). Este recurso abreviativo espállase ao longo de dez fascículos de *A*: <q> aparece en nove e <g> só se detecta nos cadernos I (cinco exemplos) e VII (unha ocorrencia). Como se pode observar hai tres zonas descontinuas, con e sen este uso de <>: está presente nos bloques formados polos fascículos I, II e III; VI, VII e VIII; XI, XII e XIII; paralelamente, falta dos subconxuntos configurados polos pregos IV-V, IX-X e XV-XVI-XVII. En todo caso, é certo que só nos tres primeiros cadernos xa se recolle o 48% do total de exemplos (un 36% concéntrase no prego I). En síntese:

Táboa 17¹¹

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
<> = <ua> (<q+g>) (casos)	4+5	2	1	-	-	2	0+1	1	-	-	2	3	1	3	-	-	-	25 (19+6)
<> = <ua> (<q>) (%)	13,3	4,3	7,1	0	0	4,8	0	16,7	0	0	4,8	7,9	33,3	27,3	0	0	0	4,6
<> = <ua> (<g>) (%)	29,4	0	0	0	-	0	9,1	0	0	0	0	0	0	-	0	0	-	7,9

Nos fascículos en que hai ausencia deste sinal abreviativo non é por falta de formas plenas que o admitisen: centrándonos no caso de <q>, nos cadernos IV e V hai preto de noventa casos con <qua>, máis de cincuenta entre os pregos IX e X, e máis de trinta nos tres últimos fascículos. Verbo de <q>, a proporción media final é moi baixa e non alcanza nin sequera o 5%. Por fascículos, os cadernos II, VI e XI sitúanse, aproximadamente, na media; o III e o XII están un pouco por riba da media; á fin, o I, o VIII e, sobre todo, o XIII e o XIV atópanse moi por riba da media. Se nos fixamos en <g> (lembramos que na información recollida na táboa número 17 só contabilizamos o paradigma do verbo *guardar*), a proporción media final, a pesar de detectarse só en dous cadernos, é de case o 8% e, nos dous fascículos en que se localiza, oscila entre unha porcentaxe próxima á terceira parte no caderno I, e outra preto do 10% no caderno VII.

11 A efectos estatísticos non temos en conta os exemplos de formas plenas con nasal implosiva representada por trazo sobreposto, do tipo quãto. Tampouco incluímos, como xa fixemos noutras ocasións similares (por exemplo con <> en *Gran*), aqueles casos en que a palabra comeza por maiúscula ou capital (representada ou non), como en *Quando*. Verbo das formas plenas con <gua>, na táboa precedente só temos en conta o paradigma do verbo *guardar*. Se incluímos tamén aquelas outras formas que comezan por <gua>, do tipo *guareçer* ou *guarir*, o resultado sería o seguinte:

<> = <ua> (<g>) (%)	27,8	0	0	0	-	0	8,3	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	-	5,3
---------------------	------	---	---	---	---	---	-----	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	-----

2.3.2. < >

Esta grafía vocálica sobreposta emprégase combinada ou en <đ> (6 8rb) ou en <ḑ> (54ra) para abreviar as secuencias <ui> e <ri>, respectivamente. Do primeiro uso documéntanse en *A* 42 ocorrencias, do segundo 6. As formas son: *aqui* (3: 16rb₂, 75rb), *quis* (19: 3va, 6rb₂, 8va, 10ra, 15rb₂, 16rb, 25rb, 25vb, 26vb, 27ra, 30ra, 32rb...), *quiser* (10: 2ra, 3ra, 9rb, 16rb₂, 19ra, 31va, 41rb, 43ra, 52vb), *quiserdes* (2: 2va, 14va), *quisesse* (2: 8rb, 9rb), *quiso* (1: 42rb), *quitar* (3: 1va, 13rb, 52rb), *quitara* (1: 1va) e *quitey* (1: 66rb) para o valor <ui>; *primeiramente* (1: 54ra), *primeiramente* (1: 1vb), *primeir* (1: 25rb), *primero* (2: 22ra, 48vb) e *prix* (1: 3va) para o valor <ri>.

Son 11 os fascículos en que se rexistra este recurso abreviativo e é, de novo, a primeira metade deles a que acumula a maior parte dos seus exemplos (os sete cadernos iniciais contan co 81,3% do total) e, sobre todo, os tres primeiros (que concentran máis da metade das ocorrencias totais). <ḑ> aparece exclusivamente en tres fascículos (I, IV e IX) con dous exemplos en cada un; en todo caso, son sempre cadernos en que tamén está presente a abreviación <đ>.

Táboa 18

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
< > = <ui+ri> (casos)	8+2	7	8	2+2	5	1	4	-	4+2	-	1	1	-	1	-	-	-	42+6
< > = <ui> (<đ>) (%)	20	21,2	33,3	16,7	20,8	4,2	20	0	16,7	0	4,3	4,8	0	10	0	0	0	14,1
< > = <ri> (<ḑ>) (%)	100	0	-	66,7	0	-	-	-	66,7	-	-	-	0	-	-	-	-	50

Ao analizarmos a distribución das formas abreviadas <đ> ou <ḑ> a carón das formas plenas correspondentes, obsérvase que, mentres a segunda acode na metade das ocasións á grafía sobreposta, a primeira unicamente o fai nun 14,1% das oportunidades. Nos cadernos en que se documenta, <ḑ> presenta unhas porcentaxes de uso moi elevadas: 100% no I e 66,7% no IV e mais no IX. Os fascículos con algunha forma plena en <pri> que non presentan ningún caso de <ḑ> son o II, V e XIII.

Centrándonos en <đ>, comprobamos, en primeiro lugar, que as formas plenas están presentes en todos os fascículos de *A* (incluídos os últimos). Situados nesta zona do códice, se calculamos a proporción de uso de <đ> fronte á opción desenvolvida <qui> entre os cadernos X e XVII, o resultado que se obtén é do 3,7% (a máis de dez puntos da media). O prego cun maior peso específico desta opción abreviada é o III (cun terzo dos exemplos abreviados coa letra sobreposta),

seguido polos cadernos I, II, V e VII (unha quinta parte dos seus exemplos utilizan este recurso abreviativo); os fascículos IV e IX tamén se atopan lixeiramente por riba da media e, ademais do XIV –que ofrece a décima parte dos seus exemplos abreviados–, os cadernos VI, XI e XII sitúanse na franxa do 4%, dez puntos por debaixo da media.

2.3.3. <˘>

Só se documenta en *A* un exemplo de <˘> sobrescrito. Está presente en <moʒria> *morreria* (m 67rb), no fascículo XI (porén, este exemplo semella ser froito de corrección)¹². Neste mesmo caderno atópanse outras seis formas do paradigma deste verbo na súa forma plena (a opción abreviada supón nel, xa que logo, un 14,3%). Se tivermos en conta os distintos exemplos deste verbo ao longo do códice, a representación abreviada a través de letra sobreposta suporía un escaso 2%.

2.3.4. <°>

Rexístrase, así mesmo, un exemplo de abreviación a través de <°>, co valor <ro> no interior dun grupo consonántico homosilábico, en <̂bar>, *trobar* (f 67va), que, coma no caso anterior, non só está no fascículo XI, senón tamén no ciclo de Pai Gomez Charinho, un ciclo que presenta características de copia particularmente singulares en *A* (cfr. Arbor Aldea 2014). As formas do paradigma deste verbo que presentan a forma desenvolvida <tro> suman 13 documentacións, distribuídas polos cadernos VIII (1), XI (6 –dous deles no ciclo de Charinho–), XIV (1) e XVI (5). Xa que logo, a opción abreviada <̂> fronte á plena supón un 7,1% de media e un 14,3% no prego XI.

2.3.5. Recapitulación

Concluimos esta aproximación ao recurso abreviativo das letras sobrepostas en *A* subliñando que, malia ser o que posúe un menor peso específico se o comparamos cos outros grandes procedementos de abreviación (cfr. §2.), é unha opción consolidada polo menos con <˘> e mais con <˙>. As grafías sobrepostas abreviativas sempre son de natureza vocálica e sempre abrevian dúas grafías (a vogal representada por elas mesmas e outra grafía máis). Como acabamos de expor, son sobre todo dúas as letras sobrepostas rendibles (acumulan o 98,7% do total): <a> (67,9%) e <i> (30,8%). Así mesmo, debe sinalarse que o uso braquigráfico en *A* das letras sobrepostas prefere con claridade a posición inicial (87,8%), aínda que tamén admite,

12 Que deturpa, ademais, a medida e a semántica do verso (cfr. Arbor Aldea 2009a: 65, 2014).

en moita menor medida, as posicións final (7,7%) e interior (4,5%). Na táboa que se acompaña vemos, sinteticamente, o uso desta opción abreviativa por fascículos:

Táboa 19¹³

%	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
Letras sobrepostas	18	10,6	22,5	19,1	14,9	11,5	4,5	5,6	5	-	6,7	4,2	7,1	10,3	2,9	-	-	10,1
Formas plenas	82	89,4	77,5	80,9	85,1	88,5	95,5	94,4	95	100	93,3	95,8	92,9	89,7	97,1	100	100	89,9

A media global do recurso ás letras sobrepostas con valor abreviativo en *A* alcanza o 10%. Hai cadernos completamente impermeables a esta opción (X, XVI e XVII) ou case (XV). Entre o 4% e o 7% de porcentaxe de uso atópanse os fascículos VII, VIII, IX, XI, XII e XIII; ao redor da media sitúanse os cadernos II, VI e XIV; un pouco por riba da media está o V e, por último, os tres cadernos máis permeables a este recurso braquigráfico son o I, o IV e, sobre todo, o III (que duplica a media). En todo caso, diferéncianse, unha vez máis, tres grandes bloques no interior de *A* en función de que os seus fascículos, no estado actual, amosen unha maior, menor ou nula receptividade ao uso das letras sobrepostas.

2.4. Siglas

Entre as abreviaturas denominadas tradicionalmente “por suspensión” destacaron, ao longo da Idade Media, as siglas. Entre os tipos de siglas mencionados por Núñez Contreras están as denominadas “citas de textos literarios” que cumprían un requisito básico, o de seren ben coñecidas polo lector e “de cuya identificación no se podía dudar” (1994: 128). Este é, precisamente, o caso das siglas empregadas no *Cancioneiro da Ajuda*, xa que, cando se usan, sempre aparecen na segunda ou sucesivas repeticións do refrán, o que facilita a súa lectura inequívoca. En concreto, están presentes en 44 cantigas con 87 estrofas implicadas e constitúen unha das catro posibles modalidades de transcripción do refrán na colectánea poética (*cf.* Ramos 2008, II: 41). En *A*, as siglas empréganse ben de forma total, ben de forma parcial, nos versos de retroso das 87 estrofas xa citadas e, nelas, a presenza do punto <.> é obrigatoria (**d. o. i. m.** 49rb).

Rexistramos 17 abreviaturas no refrán a través dunha única letra, a inicial das palabras abreviadas, que suman en total 281 ocorrencias: <a> (22: 31va₂, 31vb₃,

13 Inclúense os 156 exemplos de grafías sobrepostas como recurso abreviativo e todas as formas plenas susceptibles de seren abreviadas (para <gua> só contamos co paradigma do verbo *guardar*).

48rb₂, 49rb, 50va₂, 52vb₃, 79va₂, 82va, 85va₃, 86ra₃), (3: 16rb, 84ra₂), <c> (11: 16va₃, 16vb₃, 48rb₂, 52rb, 84va₂), <d> (31: 16va, 16vb₄, 18va, 31vb₂, 49rb, 50va₄, 52rb, 52vb₂...), <e> (20: 18va, 19rb₂, 31vb₂, 49ra, 52rb, 52vb₂, 58ra, 80va, 80vb₂...), <f> (6: 31va₂, 52vb₄), <g> (5: 16va, 46rb₂, 84ra₂), <l> (13: 16va₂, 19rb, 50va₃, 79va₂, 80va, 80vb₂, 83rb₂), <m> (48: 16rb₂, 16va₆, 16vb₂, 18rb₃, 18va, 19ra, 19rb₄, 31va₄, 31vb, 32ra, 48rb₂...), <n> (20: 16va₃, 18rb₄, 18va₂, 54rb, 58ra, 83rb₂...), <o> (11: 18va₄, 31vb, 48rb₂, 49ra, 49rb, 52rb, 78rb), <p> (17: 16vb, 18rb₂, 18va, 46rb₄, 46vb₂, 48rb, 60rb, 78rb, 82va, 83rb₂, 83va), <q> (31: 16rb, 16va₃, 16vb, 18rb₆, 31vb₂, 46vb, 48rb₂, 49ra, 50rb₂...), <r> (8: 16va₂, 50rb₂, 57vb₂, 79va₂), <s> (8: 31vb, 46vb₂, 57vb, 60rb₂, 84rb₂), <t> (4: 16va₂, 48rb₂) e <u> (23: 16rb, 18va₃, 19ra, 31va₂, 31vb₂, 48rb₃, 52vb₂, 61rb, 84rb₂...). Alén dos anteriores, documéntanse outros 5 exemplos. En catro deles, as siglas están formadas polas dúas grafías iniciais das palabras abreviadas (sempre con punto): <fo.fi.> *fosse fis* (52vb), <se.> *senhor* (74va) e <ma.> *matastes* (74vb); o outro (que poderíamos chamar sigla intencional ou imperfecta) combina a representación xa abreviada de *non* <n̄> (*cf.* §2.1.1.3.) co punto: <n̄.> (16va). Estamos, xa que logo, diante de 286 exemplos totais de siglas.

As siglas distribúense ao longo dos fascículos de *A* de xeito irregular xa que (i) tal e como apuntou Ramos, “há cadernos no manuscrito em que não se observa o sistema de siglas” (1994: 40) e, efectivamente, non se documentan nos fascículos I, II, IV, VI, VII e XII; (ii) nin o reparto entre os once cadernos que as conteñen é equilibrado: oscilase entre as 56 e as 78 siglas dos pregos III, IX e XVI, as 24 e as 26 dos cadernos V e XV, e entre as 11 e as 3 siglas nos demais (fascículos VIII, X, XI, XIII, XIV e XVII); (iii) nin sequera a proporción que supoñen no interior do caderno en que se rexistran é a mesma: as dúas caras do folio que constitúe o prego VIII contan con algunha sigla; no caderno XVI rexístranse siglas en todos os folios escritos excepto nunha cara; nos fascículos III, IX, XIII e XVII son, aproximadamente, a metade dos folios que os constitúen os que recorren ao uso de siglas; no caderno XV rexístranse siglas en tres das sete faces con texto, e, no X, son tres de nove; finalmente, nos pregos V, XI e XIV a proporción de uso oscila entre o 12% e o 16%.

Táboa 20

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
Siglas (casos)	-	-	78	-	26	-	-	11	63	8	3	-	3	4	24	60	6	286

Xa se indicou que o número total de pezas con algunha sigla no refrán é de 44 (lembramos que en *A* hai en total 310 cantigas). Agora ben, máis importante que o anterior é comprobar a proporción, xeral e por cadernos, con que os textos con refrán acoden ao recurso das siglas para o simplificar na segunda estrofa e sucesivas.

En primeiro lugar, debe subliñarse que os dezasete fascículos de *A* contan con algunha cantiga con refrán. Nos seis cadernos en que non se localiza ningún exemplo deste tipo de sigla, hai dous con poucas pezas con retroso (o I e o II posúen cinco entre os dous), hai outros dous con bastantes (entre o IV e o XII suman 16 en total) e, finalmente, outros dous, o VI e o VII, contan entre os dous con 27 cantigas con refrán: delas, ningunha presenta siglas. Os resultados globais pódense ver na táboa 21:

Táboa 21¹⁴

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
Cantigas con siglas (casos)	-	-	6	-	3	-	-	2	10	3	2	-	1	1	4	11	1	44
Cantigas con siglas (%)	0	0	35,3	0	20	0	0	66,7	50	20	13,3	0	50	11,1	44,4	100	100	28,2


Case en unha de cada tres cantigas con refrán se detecta o recurso abreviativo das siglas. Mais, á vista dos datos reflectidos na táboa precedente, obsérvanse unhas tendencias moi claras na (non, *cfr. supra*) adopción deste recurso abreviativo. Así, nos cadernos XVI e XVII a porcentaxe alcanza o 100%; nos fascículos VIII, IX e XIII oscila entre o 66% e o 50%; nos pregos III e XV vai do 35% ao 44%; no V e no X é do 20% e, por último, nos cadernos XI e XIV oscila entre o 13% e o 11%.

3. A posición na liña

Non queremos deixar de investigar no noso traballo a idea apuntada por Ramos verbo da posibilidade de que o sistema braquigráfico empregado en *A* ocorra “com formas que se encontran em posição final de linha, coincidindo a abreviatura com a última ou com a penúltima palavra” (2008, II: 31). Certamente, unha palabra que incorpore no seu corpo unha ou máis abreviatura(s) pode aparecer en distintas posicións na liña en que se documenta. Para averiguarmos ata que punto pode ser certo que nese treito final se concentren as formas con abreviaturas, estableceremos un triplo corte en función de que a palabra coa abreviatura ocupe o penúltimo lugar da liña, sexa a última palabra da liña ou de que se rexistre en calquera outra posición (de inicial a antepenúltima). O resultado recóllese no seguinte gráfico:

14 Na segunda fila ofrécese a porcentaxe que supoñen as cantigas con siglas do total, por fascículos, de cantigas con refrán. Aquelas cantigas que se reparten entre dous cadernos, a efectos estatísticos, incluímoslas no caderno en que se localiza o refrán da segunda estrofa.

Gráfico 1




A media global que obtemos (deixamos fóra as siglas) subliña que as formas abreviadas ocupan as últimas posicións da liña (sumadas a penúltima e a final) en algo menos dun terzo de todas as ocorrencias e, en consecuencia, a meirande parte das voces con algunha abreviatura, algo máis dos dous terzos do total, sitúase en calquera outra posición ‘non final’. Dende esta perspectiva, hai un certo equilibrio entre os exemplos que ocupan a penúltima posición e os que aparecen na fin da liña, cunha lixeira vantaxe a favor daqueles, como se pode apreciar no gráfico precedente.

De estudarmos os datos de forma desagregada, obsérvase que as palabras abreviadas por medio do que se denominou ‘trazos xerais’ manteñen unhas proporcións similares ás da media: maioría de dous terzos das posicións non finais e, o terzo restante, repártese –aquí máis equilibradamente– entre as posicións penúltima e última. Mais cos outros dous grandes grupos, signos particulares e letras sobrepostas, non sucede o mesmo. Por unha banda, nos signos particulares diminúen os exemplos de formas abreviadas na fin da liña (penúltima e última) ata algo menos da cuarta parte e, en paralelo, o resto de posicións ‘non finais’ aumenta por riba das tres cuartas partes. As formas que ocupan a penúltima posición avantan en catro puntos as que se sitúan na fin da liña. Por outra parte, as letras sobrepostas amosan un comportamento diferente: mentres os casos en posición final da liña se manteñen, máis ou menos, na media, o número de exemplos no penúltimo lugar da liña aumenta ata superar o terzo do total (numericamente é máis do dobre do que supoñen as ocorrencias na posición final) e, de xeito inversamente proporcional, as demais posicións, aínda que son maioritarias, diminúen de modo notable e sitúanse un pouco por debaixo do 50%.

Á vista dos datos anteriores, semella que, se a algún tipo abreviativo se lle pode aplicar certa preferencia polas dúas últimas posicións na liña, este é o das letras

sobrepostas. Ten algunha explicación a clara desviación amosada pola colocación destas últimas? En primeiro lugar cómpre salientar que o comportamento dentro das letras sobrepostas non é uniforme: varía tanto en función da letra de que se trate como do segmento abreviado. Vémolo, en síntese, no gráfico 2:

Gráfico 2



Apréciase, de entrada, o distinto comportamento entre as formas abreviadas con <"> en función de que a súa equivalencia alfabética sexa <ra> ou <ua>: mentres con estas segundas o patrón é equivalente ao visto para a media xeral de todas as opcións abreviadas (salvo pola diferenza de oito puntos que a posición penúltima lle saca á final), non sucede o mesmo coas primeiras. Efectivamente, a situación dos vocábulos con <"> e valor <ra> presentan unha disposición similar á media xeral que posúen as letras sobrepostas no seu conxunto (*cf.* gráfico 1): cun aumento na posición penúltima e unha diminución proporcional das outras posicións. Mais son as formas abreviadas con <'> as que avanza un grao e, nelas, a posición que se privilexia é a penúltima e, a máis de doce puntos de distancia dela, atópase o bloque constituído polo resto de posicións; a posición final, sendo a menos rendible, posúe tamén unha relativa importancia, pois acumula unha quinta parte das ocorrencias.

Se acudimos aos exemplos para enxergar algunha xustificación, compróbase que, en primeiro lugar, as formas con <ɸ> ocupan maioritariamente a posición penúltima, sen que haxa ningún caso en posición final (predominan as formas que xiran ao redor do numeral ordinal *primeiro*); en segundo termo, <ç> concéntrase no paradigma do tema de pretérito do verbo *querer*, con algunhas formas do verbo *quitar* e o adverbio *aquí*; en terceiro lugar, as voces que se centran na posición final son formas oxítonas –en posición de rima– como *quitar*, *quitey*, *quiser* (suman nove casos) ou, nunha ocasión, *aquí*; finalmente, ao revisarmos as palabras que ocupan o penúltimo oco das liñas descubrimos a explicación para a abundancia destes exemplos nesta posición: máis

dos dous terzos deles son estruturalmente idénticos e están conformados polo verbo volitivo *querer* (*quis, quisier, quisertes, quisesse* ou *quiso*) seguido dun infinitivo, que é o que se coloca na posición final da liña.

De igual xeito, é posible comprender o principal motivo polo que os exemplos de <^> (= <ra>) ocupan en non poucas ocasións a penúltima posición da liña: a práctica totalidade deles consisten nun sintagma con *outra* e, sobre todo, *gran(de)* seguidos de substantivo (*outra + moller, ren; gran + ben, mal, afan, poder, pauor, sazon, pesar...*), substantivo que é o que ocupa a posición final da liña: en consecuencia, para a palabra coa forma abreviada resérvase a penúltima.

Certamente, poderíamos seguir analizando caso por caso e descubriríamos tendencias particulares. Así, por exemplo, as formas que presentan <^> co valor de consoante nasal implorativa, cando esta ocupa na súa palabra unha posición medial, aparecen máis veces como último vocábulo da liña (case 27%) ca como penúltimo (case 15%), pero, cando a consoante nasal abreviada ocupa a posición implorativa final, entón é máis habitual que esa voz ocupe a penúltima posición (case 23%) que a última da liña (pouco máis de 14%); en ambos os casos o resto de posicións na liña son as maioritarias (algo máis do 58% e o 63%, respectivamente). Outros exemplos concretos que podemos escolmar son: 1) o signo <^>, que prefere calquera outra posición (algo máis do 88%) menos a final (2%) ou, tamén, aínda que en moita menor medida, a penúltima (case un 10%); 2) <^> que, cando equivale a <re>, aparece na última posición da liña en máis do 34% dos casos (case sempre con *prender* en posición de rima) e na penúltima en algo máis do 14% (as outras posicións suman algo máis do 51%), non obstante, cando <^> equivale a <er>, as proporcións dispáranse a favor da posición final (case un 65%, que se explica porque son moitas formas as que ocupan posición de rima: *dizer, fazer, fezer, mester, prazer...*), mantéñense na penúltima (case un 12%) e diminúen no resto de posicións (menos do 24%); 3) nos casos da abreviación con <9> en contexto tónico (lembramos, 15 exemplos), ningún deles ocupa a posición final, unicamente dous aparecen como penúltima voz da liña e todos os demais (case o 87%) atópanse noutros contextos; 4) mentres a forma abreviada de *nostro* só se sitúa como penúltima palabra da liña en menos dun terzo dos seus exemplos (e non se documenta na posición final), a forma plena *nostro* ocupa a (pen)última posición en case a metade das súas ocorrencias.

Sexa como for, as tendencias xerais xa foron presentadas e analizadas e servíronnos para verificar que, en ausencia doutros parámetros (entre eles o feito de que a fin da liña e do verso coincidan ou non) que poidan coadruar a entender mellor determinados aspectos distribucionais ou de comportamentos concretos, non semella que as formas abreviadas, polo feito de o seren, sintan unha acusada predilección pola posición final da liña.

4. A modo de conclusión

A primeira das preguntas que debe responder un traballo coma este é: hai moitas abreviaturas en *A*? Evidentemente, xa na táboa 1 fornecemos os datos completos coa cantidade total de abreviaturas (3.125 exemplos) presentes neste códice, que, nunha primeira comparación co total de formas gráficas documentadas en *A*, suporía unha porcentaxe relativamente baixa (lembramos que en Rodríguez/Varela, 2007: 476, cuns criterios en parte diferentes, o dato que se ofrecía era do 2,5%). Pero esa cifra non nos permite, en si mesma, entender ata que punto é rendible, ou non, a opción abreviativa nos folios de *A*. Quizais melloraríamos a perceptibilidade do valor que ten o recurso abreviativo en *A* se consideramos que, no cancionero, hai ao redor de 43.440 palabras e que, aproximadamente, en sete de cada cen se recorre a algún sinal abreviativo. Mais, para que a cantidade de abreviaturas empregadas resulte interpretable en termos de uso real (nin todas as grafías de *A* nin todas as palabras amosan idéntica permeabilidade aos procedementos abreviativos), cómpre que a comparemos co número total de formas plenas –paralelas ás abreviadas– susceptibles de o seren tamén elas. Só así estaremos en disposición de comprobar a rendibilidade efectiva do recurso abreviativo en *A*. Para conseguirmos iso non temos en conta, neste momento, as siglas e xuntamos nun único grupo os trazos xerais e particulares:

Táboa 22

	Trazos xerais e particulares	Letras sobrepostas	Total
Formas abreviadas	2.683 (16,5%)	156 (10,1%)	2.839 (15,9%)
Formas plenas	13.616 (83,5%)	1.382 (89,9%)	14.998 (84,1%)

Das case 18.000 palabras que en *A* poderían incorporar algunha das tres modalidades abreviativas mencionadas, recorre a elas practicamente o 16% desa cantidade. Como se observa na táboa precedente, son as letras sobrepostas as que acoden nun menor número de ocasións á opción abreviativa (a décima parte), porcentaxe que ascende ata o 16,5% no caso dos trazos xerais e dos signos particulares analizados de xeito conxunto. Se separamos ambas as tipoloxías, descubrimos que tamén hai diferenzas significativas entre elas: todos os exemplos de abreviacións incluídas entre os que denominamos trazos xerais supoñen un pouco máis do 15%; fronte a eles, os casos de abreviacións denominadas signos particulares soben a súa porcentaxe de uso ata algo máis do 21% (máis do dobre do visto para as letras sobrepostas).

Unha vez coñecidos os datos anteriores, tampouco pode faltar nestas conclusións unha referencia á polivalencia relativa dos sinais de abreviación empregados en *A*.

Observemos a recompilación esquemática da táboa seguinte:

Táboa 23

		Valor preferente	Valor secundario	Valor excepcional	
Trazos xerais	[Sobre vogal]	<n> 936			
	<q̄>	<que> 533			
	<ḡ>		<pre> 10		
	<ḥ>		<ter> 6	<te> 1	
	<ḡ̄>			<uer> 1, <ue> 1	
	<ḡ̄>			<zer> 1	
	<ḡ̄>			<de> 1	
	<n̄>		<non> 5		
	<n̄fo>		<nostro> 14		
	<scā>		<sancta> 5		
	<ḡ>	<p̄>	<per> 246	<par> 16	
	<ḡ>	<f̄>	<fer> 18		
	<ḡ>	<ḡ̄>	<pro> 33		
Signos particulares	<ḡ>	<ḡ̄>	<pre> 34	<pe> 1	
	<ḡ>	<ḡ̄>		<zer> 24	
	<ḡ>	<ḡ̄>		<ter> 5	
	<ḡ>	<ḡ̄>		<uer> 5	
	<ḡ>	<ḡ̄>		<der> 1	
	<ḡ>	<ḡ̄>		<meir> 1	
	<ḡ>	<d̄>	<deus> 250		
	<ḡ>	<ḡ̄>		<ber> 3	
	<ḡ>	<ll̄>		<ller> 1	
	<ḡ>	<ḡ̄>		<er> 1	
	<ḡ>	<ḡ̄>	[Átono] <us> (<os>) ¹⁵ 258	[Tónico] <us> (<os>) 15	
	<ḡ>	<ḡ̄>	[Átono] <us> (<os>) 4		
	<ḡ>	<ḡ̄>	<e>, <et> 252		
<ḡ>	<ḡ̄>	<con> 1			
Letras sobrepostas	<ḡ>	<ḡ̄>	<gra> 66	<gua> 6	
	<ḡ>	<ḡ̄>		<tra> 14	
	<ḡ>	<ḡ̄>		<pra> 1	
	<ḡ>	<ḡ̄>		<qua> 19	
	<ḡ>	<ḡ̄>	<qui> 42		
	<ḡ>	<ḡ̄>		<pri> 6	
	<ḡ>	<ḡ̄>		<rre> 1	
<ḡ>	<ḡ̄>		<tro> 1		

¹⁵ Cfr. Mariño/Varela (2005: 365-369, sobre todo esta última páxina).

O primeiro que hai que salientar á vista dos tres grandes grupos recollidos na táboa 23 é que os tipos de sinais abreviativos empregados son trece (catorce se engadimos o punto, <.>). Mais, como se pode apreciar na terceira columna da táboa anterior, as súas posibilidades combinatorias fan que esa cifra aumente ata os 35 subtipos finais. Certamente, hai sinais que só presentan unha única combinación (<->, </>, <Ċ>, <τ>, <Ϸ>, <°> e <°°>), outros admiten un número moderado delas (<^>, <9>, <"> e <'>), pero son sobre todo dous os especialmente rendibles nas súas posibilidades combinatorias: <¯> entre os trazos xerais (intervén en dez combinacións) e <^> entre os signos particulares (documentábase en seis subtipos).

Outro dos parámetros que reflicte a táboa 23 é o valor representado por cada subtipo abreviativo. Os valores non se ofrecen agrupados senón subdivididos en función do seu carácter preferente, secundario ou excepcional. En primeiro lugar, compróbase que, dos grandes tipos abreviativos, o que acumula dous valores preferentes é <¯>: porén, o que si se verifica é que ambos os dous non se concentran no mesmo subconxunto abreviativo. Neste sentido, cómpre subliñar que son maioría (vinte e nove) os subtipos que unicamente posúen un valor, con independencia do seu carácter: en tres casos combinan un valor preferente con outro secundario (<p>, <ġ> e <9>) e, cun exemplo de cada un, combínanse un valor preferente con outro excepcional (<ṑ>), un valor secundario con outro excepcional (<ṡ>) ou dous excepcionais (<ū>). Ademais de seren poucos, a posibilidade de asignación equívoca dun valor ou outro está totalmente minimizado e son a propia forma abreviada e o contexto en que se insire os que evitan calquera confusión.

A táboa anterior permítenos realizar outra aproximación reflexiva verbo da (non) univocidade nas equivalencias dos diferentes subtipos abreviativos. Son moi poucas as oportunidades en que un mesmo valor se pode manifestar en *A* por medio de dous subtipos abreviativos diferentes. Os únicos casos son os seguintes catro: <pre>, <ter>, <uer> e <zer>. Cada un deles coñece en *A* dúas posibilidades de abreviación e, nas catro parellas, os dous únicos sinais abreviativos que interveñen son <¯> e <^>: <ṑ> e <ṑ̄>, <ṡ> e <ṡ̄>, <ū> e <ū̄>, <ṡ̄> e <ṡ̄̄>, respectivamente. Polo que se refire á preferencia por algún dos subtipos para equivaler ao segmento abreviado, partimos dunha situación de equilibrio con <ṡ̄> e <ṡ̄̄> (54,5%-45,5%), pasamos por unha clara preferencia por unha das opcións con <ṑ̄> e <ṑ̄̄> (22,7%-77,3%) e <ū̄> e <ū̄̄> (16,7%-83,3%), ata chegarmos a unha desproporción evidente no caso de <ṡ̄> e <ṡ̄̄> (4%-96%). Obsérvese que, salvo con <ṡ̄>, nas outras tres parellas o subtipo con maior número de ocorrencias é sempre o abreviado con <^>.

Se nos fixamos nas formas concretas que se abrevian, verificamos que hai poucas coincidencias:

- $\langle \bar{t} \rangle$ e $\langle \dot{t} \rangle$: Ambos os dous posúen cadansúa forma específica, *meter* para $\langle \dot{t} \rangle$ e *terra(s)* (4) para $\langle \bar{t} \rangle$, e unha compartida: *mester*, con catro exemplos de $\langle \dot{t} \rangle$ (nos fascículos I, II e III₂) e dous de $\langle \bar{t} \rangle$ (no prego I).
- $\langle \bar{u} \rangle$ e $\langle \dot{u} \rangle$: Os cinco exemplos de $\langle \dot{u} \rangle$ documéntanse en *auer*, *auergōnar*, *uerdade* e *uerdad* (2); unha desas mesmas palabras, *uerdade*, é a que se rexistra con $\langle \bar{u} \rangle$. Este vocábulo localízase no inicio do fascículo IV e nese mesmo prego coincide cun dos casos de $\langle \dot{u} \rangle$.
- $\langle \bar{z} \rangle$ e $\langle \dot{z} \rangle$: As 24 ocorrencias do segundo repártense entre catro formas: *dizer* (7), *fazer* (8), *fezer* (3) e *prazer* (6); o único exemplo de $\langle \bar{z} \rangle$ é a forma verbal *fezera*. Este exemplo aparece no caderno XVII, mentres que a última das voces con $\langle \dot{z} \rangle$ se rexistra no primeiro folio do caderno XIV (75r).
- $\langle \bar{p} \rangle$ e $\langle \dot{p} \rangle$: Deixamos para a fin o grupo que presenta máis coincidencias: tanto cun tipo de abreviatura coma co outro a meirande parte das formas documentadas comezan, precisamente, por $\langle \text{pre} \rangle$; no único caso en que isto non se comproba, porque esta secuencia está en posición final, a forma afectada é o adverbio *sempre*. Hai formas do verbo *preguntar* (con $\langle \bar{p} \rangle$: *preguntar*, *preguntar* (2) e *preguntaren*; e tamén con $\langle \dot{p} \rangle$: *preguntaran*), do verbo *prender* ($\langle \bar{p} \rangle$: *prender*, *prendo* e *prendi*; $\langle \dot{p} \rangle$: *prender* (10), *prendesse*, *prendi* e *prendo*), do verbo *prestar* ($\langle \bar{p} \rangle$: *prestar*; $\langle \dot{p} \rangle$: *prestar*) e do xa comentado adverbio *sempre* ($\langle \bar{p} \rangle$: *senpre* e *senpre*; $\langle \dot{p} \rangle$: *sempre* (7), *senpre* (8) e *sēpre*). A maiores, rexístranse con $\langle \dot{p} \rangle$ as formas *preto*, *preito* e *prez*. As ocorrencias de $\langle \bar{p} \rangle$ repártense ao longo de sete fascículos, as de $\langle \dot{p} \rangle$ en nove: só coinciden ambas as dúas en tres, que son os cadernos I, IV e IX; nos pregos II, III, VIII, X e XI unicamente se detecta $\langle \dot{p} \rangle$ e nos cadernos V, VI, XII e XV só se rexistra $\langle \bar{p} \rangle$. Sorprende que, dos cinco exemplos de $\langle \bar{p} \rangle$ que aparecen en pregos en que tamén se rexistra $\langle \dot{p} \rangle$, catro coexistan e compartan face de folio (2r) ou, mesmo, columna (7va, 20rb, 53va).

Recompilamos o reparto de todos estes exemplos por fascículos, agrupando os oito subtipos en dous conxuntos consonte o sinal sexa $\langle \bar{\ } \rangle$ ou $\langle \dot{\ } \rangle$:

Táboa 24

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
$\langle \bar{\ } \rangle$ (casos)	22	9	9	6	6	2	3	2	2	2	3	-	1	1	-	-	-	68
$\langle \dot{\ } \rangle$ (casos)	6	1	-	3	2	2	-	-	1	-	-	1	-	-	1	-	1	18

O único caderno en que non se rexistra ningún destes exemplos é o XVI. Seis fascículos contan entre os seus folios con exemplos das dúas tipoloxías: I, II, IV, V,

VI e IX (obsérvase que se concentran no inicio do códice, nunha zona de elevada permeabilidade á opción abreviativa). En todos eles, menos no VI, en que hai igualdade, as formas con <^> son maioritarias. E nos dez pregos que restan existe unha complementariedade perfecta: nos que se emprega a opción abreviada con <^>, nalgúns casos con bastantes exemplos, non se utiliza a abreviación con <^> (III, VII, VIII, X, XI, XIII e XIV) e viceversa, hai tres cadernos en que se utiliza o recurso <^> pero non <^> (XII, XV e XVII; apréciase que estes son fascículos normalmente impermeables ao recurso abreviativo).

Queremos concluír o noso traballo cunha recompilación xeral, por cadernos, de todas as abreviaturas rexistradas (excepto as siglas, dado que o seu *status* é particular). E, para iso, propoñemos as dúas últimas táboas que recompilan, por fascículos, ben os números absolutos de abreviaturas, ben a porcentaxe que estas supoñen en relación a todas as formas susceptibles de seren abreviadas.

Táboa 25

Abreviaturas	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
Trazos xerais	408	340	152	149	144	106	148	11	115	46	57	70	16	46	16	2	1	1.827
Signos particulares	106	139	54	77	73	49	53	13	53	25	38	44	7	27	37	51	10	856
Letras sobrepostas	29	16	16	25	21	17	5	1	6	-	9	5	1	4	1	-	-	156
TOTAL	543	495	222	251	238	172	206	25	174	71	104	119	24	77	54	53	11	2.839

Como se sinalou ao longo destas páxinas, a distribución das abreviaturas por fascículos, sendo importante, só nos permite obter un mapa moi parcial da situación braquigráfica de *A*. A simple vista advírtese que nos primeiros cadernos se concentra un número moi elevado de sinais abreviativos, que estes van diminuindo máis ou menos progresivamente segundo avanza o códice e que nos últimos fascículos reducen moito a súa presenza. En todos os pregos de *A* hai algún trazo xeral ou algún signo particular de abreviación, cousa que non acontece coas letras sobrepostas, que faltan en X, XVI e XVII. Normalmente, o primeiro dos tipos considerados é o que máis ocorrencias posúe, seguido, nesta orde, polos signos particulares e as letras sobrepostas; nos tres últimos cadernos, porén, a situación invértese e son os signos particulares os máis numerosos (grazas á presenza masiva de <τ>).

Non obstante, e como xa se comentou, se queremos interpretar adecuadamente a situación braquigráfica de *A* precisamos observar a proporción que en cada fascículo rexistra a opción abreviada fronte á representación plena. Isto é o que reflectimos a través da táboa 26:

Táboa 26

Abreviaturas %	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV	XVI	XVII	Total
Trazos xerais	31,3	27,2	27,4	14,5	13	8,6	16,3	5,6	12,5	8,1	6,4	7,7	10,9	11,9	3,5	0,3	1,6	14,6
Signos particulares	26,1	30,1	29,3	23,9	20,5	10,9	15,4	24,1	21,5	16,2	14,7	16,2	12,5	18	28,2	31,1	31,3	21,2
Letras sobrepostas	18	10,6	22,5	19,1	14,9	11,5	4,5	5,6	5	0	6,7	4,2	7,1	10,3	2,9	0	0	10,1
TOTAL	29,3	27	27,7	17,2	15,1	9,5	15,3	9,4	13,7	9,3	8,2	9,3	11,2	13,6	8,8	6,6	10,3	15,9

Xa sabiamos que o aproveitamento medio do recurso abreviativo en *A* é do 15,9% e que, por riba del están os signos particulares, lixeiramente por debaixo os trazos xerais e que as letras sobrepostas son as menos rendibles de todos eles. Ademais, agora descubrimos que os comportamentos comúns debuxan en *A* catro grandes zonas no tratamento dos sinais abreviativos:

1. O primeiro coincide cos tres primeiros fascículos do códice (I, II e III): cunha cifra media global no uso das abreviaturas que se sitúa no espazo homoxéneo do 27%-29%, a máis alta de todo o manuscrito, posúe unhas taxas moi elevadas no uso dos trazos xerais (entre o 27% e o 31%) e mais dos signos particulares (entre o 26% e o 30%), e unhas porcentaxes relativamente altas nas letras sobrepostas (que van do 10% do prego II ao 22% do III, pasando polo 18% do I).
2. O segundo abrangue os tres últimos fascículos de *A* (XV, XVI e XVII): neles, cunhas medias no uso das abreviaturas situadas entre o 6 e o 10%, rexístranse unhas porcentaxes ínfimas no emprego dos trazos xerais e mais no das letras sobrepostas (o prego XV é o que, aparentemente, máis se desvía), pero isto combínase cunhas taxas moi altas no uso dos signos particulares (que oscila entre o 28% e o 31%, e que, como xa se sinalou, se debe ao emprego de <v>).
3. O terceiro está constituído por un bloque de tres pregos consecutivos (X, XI e XII) máis o VI e, probablemente, tamén o VIII. Todos eles presentan unhas porcentaxes medias de usos braquigráficos que oscilan entre o 8% e o 9%. Caracterízanse por posuíren unhas proporcións baixas nos trazos xerais (entre o 5% e o 8%), unha utilización dos signos particulares por debaixo da media (entre o 10% e o 16%), salvo no fascículo VIII (cun 24%), e un uso tamén moderado das letras sobrepostas (por debaixo da media en todos estes cadernos excepto no VI).
4. Finalmente, o cuarto confórmano dous fascículos consecutivos (IV e V) e outros tres discontinuos (VII, IX e XIV) que presentan unhas porcentaxes medias de abreviaturas que van do 13% ao 17%. Concordan en posuíren uns usos dos trazos xerais e dos signos particulares similares aos da media de *A* (entre o 11% e o 16% para

aqueles e entre o 15% e o 23% para estes). Verbo do emprego das letras sobrepostas non hai tanta homoxeneidade, pois, mentres o IV e o V están por riba da media, XIV atópase nesa media e, por debaixo dela, están os pregos VII e IX.

Obsérvase que, do mesmo xeito que hai cadernos que amosan un comportamento totalmente paralelo en todos os parámetros considerados, outros presentan especificidades ou desviacións máis ou menos acusadas. Cos datos dispoñibles, un prego, o XIII, non permite un encaixe doado nos grandes bloques mencionados: a súa media final é do 11,2%, atópase case catro puntos por debaixo da media dos trazos xerais, tamén nove puntos por debaixo da media dos signos particulares e tres puntos por debaixo da das letras sobrepostas. Trátase dun caderno unifolio e os especialistas, ultimamente, cuestionan que na súa copia só interviñese unha man: Tavares Pedro (2004: 5-7) apuntou a posibilidade de que na copia de *A* interviñese unha terceira man, que se encargaría dos folios 74v-78v e que o copista do treito final (79r-88v) tamén fose o autor do folio 40r; pola súa banda, Fernández Guiadanes (2010: 172-173) extraeu o folio 79r do bloque final e recolocouno no fragmento 74v-79r. Tendo en conta estas propostas, queremos concluír o presente traballo analizando dende a perspectiva braquigráfica non só este folio (74r-74v), senón tamén o 40r e o 79r.

Táboa 27

Abreviaturas %	I	II	III	IV	V	VI	VII 40r	VII 40v>	VIII	IX	X	XI	XII	XIII 74r	XIII 74v	XIV	XV 79r	XV 79v>	XVI	XVII	Total
Trazos xerais	31,3	27,2	27,5	14,5	13	8,6	2,6	17,3	5,6	12,5	8,1	6,4	7,7	4,8	15,7	11,9	27,5	0,5	0,3	1,6	14,6
Signos particulares	26,1	30,1	29,3	23,9	20,5	10,9	66,7	14	24,1	21,5	16,2	14,7	16,2	19	9,1	18	50	27,6	31,1	31,3	21,2
Letras sobrepostas	18	10,6	22,5	19,1	14,9	11,5	0	5,1	5,6	5	0	6,7	4,2	0	16,7	10,3	20	0	0	0	10,1
TOTAL	29,3	27	27,8	17,2	15,1	9,5	12,5	15,6	9,4	13,7	9,3	8,2	9,3	7,9	13,9	13,6	28,3	6,8	6,6	10,3	15,9

Despois da análise individual do folio 40r (primeiro do caderno VII), dos dous que constitúen o fascículo XIII (ff. 74r e 74v) e da extracción do primeiro folio (f. 79r) do prego XV, é coma se as teselas que constituísen o mosaico de *A* puísen as súas imperfeccións e comezasen a encaixar dun xeito moito máis preciso. Imos por partes.

Os datos braquigráficos confirman, efectivamente, a filiación existente entre o f. 40r e os tres cadernos finais: o f. 40r caracterízase, coma estes, por unha presenza mínima de trazos xerais, unha grande abundancia dos signos particulares (centrada no uso de <τ>) e a ausencia de letras sobrepostas (a pesar de existiren formas plenas susceptibles de as empregaren).

Polo que se refire ao caderno XIII, os resultados subliñan un comportamento diverxente entre o recto e o verso deste folio: a unha escaseza dos trazos xerais en 74r correspóndelle unha rendibilidade moderada en 74v (que está máis de dez puntos por riba); un uso relevante en 74r dos signos particulares (practicamente na media global) correspóndese cunha situación de escaseza (dez puntos menos) en 74v; e, fronte á inexistencia de letras sobrepostas no primeiro, en 74v si se verifica a súa existencia. Non sorprende, pois, que as medias finais para cada un destes folios sexan tan opostas: 7,9% para 74r e 13,9 para 74v. Ademais, en cada un rexístrase unha cantiga con refrán, pero mentres en 74r non se emprega o recurso das siglas, estas si que aparecen en 74v.

Finalmente, é moi significativo o que acontece co f. 79r fronte ao resto de folios deste fascículo, o XV: ao extraermos dos datos deste caderno os relativos a 79r o paralelismo que se consegue cos pregos XVI e XVII é total (con porcentaxes practicamente idénticas nas tres grandes tipoloxías braquigráficas manexadas, e tamén na media global); pola contra, o que revelan as cifras no uso de abreviaturas no f. 79r é que a súa presenza é moi elevada, tanto que lembra a detectada nos tres primeiros cadernos de *A* (nos tres tipos considerados e na media xeral). Este paralelismo mantense tamén no (non) uso das siglas: en 79r hai dúas cantigas con refrán e ningunha delas emprega siglas (cousa que tamén sucedía nos fascículos I e II); no resto de folios do fascículo XV (a partir de 79v) a proporción no uso das siglas no refrán aumenta e queda preto do 60% (*cf.* co visto en §2.4.).

Bibliografía

- Álvarez, Rosario (2004): “A variación *nosco* : *connosco* : *con nós* en galego medieval”, *Verba* 31, 43-73.
- Arbor Aldea, Mariña (2007): “As abreviaturas no *Cancioneiro da Ajuda*: tipos, valores e distribución”, en *Medievalismo en Extremadura. XII Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, Cáceres, 25-29 de setembro de 2007 [relatorio non publicado].
- Arbor Aldea, Mariña (2008): “*Cancioneiro da Ajuda*, historia do manuscrito, descrición externa e contido”, en *Cancioneiro da Ajuda*, 9-51 ([Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia, Consellería de Traballo).
- Arbor Aldea, Mariña (2009a): “Escribir nas marxes, completar o texto: as notas ós versos do *Cancioneiro da Ajuda*”, en Brea, M. (coord.), *Pola melhor dona de quantas fez nostro Senhor. Homenaxe á Profesora Giulia Lanciani*, 49-72 (Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia).

- Arbor Aldea, Mariña (2009b): “Un códice de historia material compleja: el Cancioneiro da Ajuda”, *Revista de Literatura Medieval* XXI, 77-124.
- Arbor Aldea, Mariña (2014): “A tradición fluída: Pai Gomez Charinho”, en *IV Congreso Internacional de la Asociación Convivio para el estudio de los Cancioneros y de la Poesía de Cancionero*, Rennes, 11-13 de setembro de 2014 [no prelo].
- Arias Freixedo, Xosé Bieito / Rodríguez Guerra, Alexandre (2010): “Transcripción paleográfica das cantigas de Roi Fernandiz”, en Arias Freixedo, X. B., *As cantigas de Roi Fernandiz, clérigo de Santiago* (Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo). Edición en formato electrónico CD-ROM, s/p.
- Cappelli, Adriano (1995⁶): *Dizionario di abbreviature latine ed italiane*. Milano: Ulrico Hoepli.
- De Robertis, Teresa / Pescini, Ilaria / Caligiani, Emilia / Parigino, Giuseppe (1993): “Quattro contributi per la storia del sistema abbreviativo”, en *Medioevo e Rinascimento. Annuario del Dipartimento di Studi sul Medioevo e il Rinascimento dell'Università di Firenze* VII / n.s. 4, 159-347.
- Fernández Guiadanes, Antonio (2010): “Particularidades gráficas e de impaxinación do folio 79r do *Cancioneiro da Ajuda*: o seu copista é un copista-corrector?”, en Arbor Aldea, M. / F. Guiadanes, A. (eds.), *Estudos de edición crítica e lírica galego-portuguesa*, Anexo 67 de *Verba*, 163-194 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Lorenzo, Ramón (2013): “A edición da colección documental do mosteiro de Montederramo (Ourense)”, *Estudis Romànics* 35, 415-426.
- Mariño Paz, Ramón / Varela Barreiro, Xavier (2005): “O uso dos signos gráficos <u>, <V> e <U> no *Cancioneiro da Ajuda*”, en Brea, M. (coord.), *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, hoxe*, 309-374 (Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia).
- Núñez Contreras, Luis (1994): *Manual de paleografía. Fundamentos e historia de la escritura latina hasta el siglo VIII* (Madrid: Cátedra).
- Pedro, Susana Tavares (2004): “Análise paleográfica das anotacións marginais e finais no *Cancioneiro da Ajuda*”, *Actas do Colóquio Cancioneiro da Ajuda (1904-2004). Faculdade de Letras de Lisboa – Biblioteca da Ajuda, 11, 12 e 13 de Novembro de 2004*. Disponível en <http://www.fcsh.unl.pt/philologia/Pedro2004_AnalisePaleografica.pdf>.
- Pichel Gotérrez, Ricardo (2010): “Contribución á braquigrafía do galego medieval. Procedementos abreviativos e transcendencia escriptolingüística”, en Cano López, P. et alii (eds.), *Actas del XXXIX Simposio Internacional de la Sociedad Española de Lingüística (Santiago de Compostela, 1-4 febreiro 2010)*. Edición en formato electrónico CD-ROM, s/p.

- Ramos, Maria Ana (1994): “O Cancioneiro da Ajuda. História do manuscrito, descrição e problemas”, en *Fragmento do Nobiliário do Conde Dom Pedro. Cancioneiro da Ajuda. Edição fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda*, 27-47 (Lisboa: Edições Távola Redonda-Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico-Biblioteca da Ajuda).
- Ramos, Maria Ana (2004): “O cancionero ideal de D. Carolina”, en Brea, M. (coord.), *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, 13-40 (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).
- Ramos, Maria Ana (2008): *O Cancioneiro da Ajuda: confección e escrita*, dissertação apresentada para obtención do Grau de Doutor em Linguística Portuguesa – Linguística Histórica, 2 vols. (Lisboa: Universidade de Lisboa).
- Rodríguez Guerra, Alexandre (*no prelo*): “Usos grafemáticos nas correccións marxinais primitivas do *Cancioneiro da Ajuda: as grañas vocálicas*”, en Mariño, R. / Varela, X. (eds.), *Linguística histórica e edición de textos galegos medievais* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Rodríguez Guerra, Alexandre / Varela Barreiro, Xavier (2007): “As grañas no *Cancioneiro da Ajuda*”, en Boullón Agreló, A. I. (ed.), *Na nosa lingoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*, 473-556 (Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega-Consello da Cultura Galega).
- TMILG: Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega <<http://meogo.cirp.es/tmilg>>.

